

INFORME DE RENOVACIÓN DA ACREDITACIÓN

2023

CICLO ACADÉMICO

2017/18 - 2021/22

ESCOLA INTERNACIONAL DE DOUTORAMENTO UNIVERSIDADE DE VIGO

1. DATOS DO PROGRAMA	
DENOMINACIÓN DO PROGRAMA	PD EN AUGA, SUSTENTABILIDADE E DESENVOLVEMENTO
UNIVERSIDADE RESPONSABLE ADMINISTRATIVA	UNIVERSIDADE DE VIGO
EN CASO DE PROGRAMAS INTERUNIVERSITARIOS, UNIVERSIDADE/S PARTICIPANTE/S	
CENTRO/ESCOLA RESPONSABLE	ESCOLA INTERNACIONAL DE DOUTORAMENTO (EIDO)
CENTRO/S PARTICIPANTES	FACULTADE DE DEREITO ESCOLA INTERNACIONAL DE DOUTORADO DA UNIVERSIDADE DE VIGO
CÓDIGOS ISCED	
CURSO DE IMPLANTACIÓN	2017/18
DATA ACREDITACIÓN EX ANTE (VERIFICACIÓN)	08/05/2017
DATA RENOVACIÓN ACREDITACIÓN	

Validado pola Comisión de Calidade da EIDO da Universidade de Vigo o día 29 de maio de 2023

Aprobado pola CAPD do programa o día 28 de Abril de 2023

2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO PROGRAMA

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO: O programa de doutoramento implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada e, no seu caso, nas súas respectivas modificacións.

1.1.- O programa mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina e dos avances científicos e tecnolóxicos. Os cambios introducidos no programa e que non se someteran a modificación non alteran o nivel 4 do MECES e permitiron a súa actualización de acordo cos requisitos da disciplina.

Aspectos a valorar:

- O perfil de egreso do programa mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito, tendo en conta os avances científicos e tecnolóxicos da disciplina.
- Imbricación do programa na estratexia de I+D+i da Universidade.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O Programa de Doutoramento en Auga, Sustentabilidade e Desenvolvemento (PD_ASD) enmárcase como unha das liñas de orientación estratéxica do Campus da Auga. O obxectivo xeral é desenvolver un programa que teña en conta as seis áreas de especialización do Campus da Auga – Xestión da Auga, Innovación Social e Educativa, Medio Ambiente, TIC, Turismo-Patrimonio Cultural e Alimentación, agrupadas en tres bloques temáticos (Auga, sustentabilidade e desenvolvemento)- coa colaboración multidisciplinar de todas as Escolas e Facultades que aglutinan o saber facer desenvolvido no Campus.

Na memoria de verificación do 08/05/2017 os obxectivos formativos foron artellados en 11 liñas de investigación:

- L01 Réxime xurídico da auga
- L02 Calidade da auga e os seus ecosistemas
- L03 Investigación e aplicacións da auga e das fontes termais
- L04 Turismo, patrimonio cultural e auga
- L05 Réxime xurídico do Medio Ambiente e a súa sustentabilidade
- L06 Produción primaria sostible
- L07 Xestión sostible
- L08 Cambio climático e recursos hídricos
- L09 Dereito, TIC ou desenvolvemento
- L10 Alimentación e desenvolvemento
- L11 Desenvolvemento turístico asociado ao patrimonio e á saúde

Grupos de investigación relacionados co programa e relación cos centros de investigación da universidade:

Estas liñas están soportadas por 24 grupos do catálogo de grupos de investigación da UVigo cinco de eles pertencen a centros de Investigación.

Tabla 1. Grupos de investigación aos que pertencen os profesores do PD_ASD, vinculación coas liñas de investigación e número de investigadores.

Denominación	Liñas de investigación	No. Investigadores/as
SiDOR	L07	34
G3-CPS1	L03	15
EA8 - Research Group In Economic Analysis, Accounting and Finance-RGEAF	L03	25
GEN Governance and Economics research Network	L03	13
OC2	L03	7
GEAAT -Grupo de Estudos de arqueoloxía, Antiquidade e Territorio	L03	40
A3CE	L03	7
XM2- Xeoloxía mariña e ambiental	L02,L06	12
HC1 -Historia Contemporánea	L03	7
EphysLab	L06	19
RE1 Ecología Acuática	L05,L02,L06	6
BV1	L02,L04	35
FA4 Propiedades termofísicas	L02,L04	5
XM-3 BASAN	L02	6
BA2- Biología Ambiental	L02,L06	28
BiotechnIA	L02	5
EQ-4	L04	5
DMT	L07	14
CF1-Food and Health omics	L05,L04	7
MEDEA IURIS (MDA-I)	L01,L07	10
AA1	L05	13
EQ2-Biomasa e desenvolvemento sostible	L05,L04	11
AGAF	L07	10
ByCIAMA	L05	8
QO3	L04	7
OE4-Sistemas e Tecnoloxías de Información para a Empresa	L07	6
DL1 -Grupo de dereito procesual	L07	16
EMAF	L03,L05	3

A capacidade destes grupos para a captación de fondos para proxectos e contratos de investigación, e a excelencia académica dos seus membros constitúe unha garantía para achegarse aos obxectivos formativos do programa de doutoramento con un elevado nivel de excelencia en todas as liñas do programa. Os resultados científicos amosan a capacidade formativa satisfai os requisitos das disciplinas e está actualizada aos avances científicos e tecnolóxicos.

Perfil de egreso

Os datos do informe final de inserción laboral de doutores do Consello Social da UVigo 1995-2020 non aportan información moi fiable pola baixa representatividade da mostra (Ref.: idp20). A enquisa feita pola CAPD_ASD en abril de 2023 coincide en que o 100% teñen

actividade laboral remunerada, o 73% con contrato indefinido, maioritariamente no ámbito da investigación e a educación, e cunha elevada relación ca súa formación doutoral. Pode considerarse destes datos que o programa mantén o interese académico.

Valor do programa na estratexia galega, nacional e europea de I+D+i:

O Programa de Doutoramento Auga, Desenvolvemento e Sustentabilidade enmárcase como unha das liñas de orientación estratéxica do Campus da Auga para a execución e desenvolvemento do Plan Estratéxico, do 14 de marzo de 2014 (Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 21 de novembro de 2013) .

O obxectivo xeral deste programa foi desenvolver un programa que teña en conta as seguintes catro áreas de especialización do Campus da Auga:

- Xestión da Auga
- Medio Ambiente
- Turismo-Patrimonio Cultural
- Alimentación

Estas liñas están agrupadas en tres bloques temáticos (Auga, sustentabilidade e desenvolvemento)- coa colaboración multidisciplinar de todas as Escolas e Facultades que aportan o coñecemento e as capacidades do Campus. A finalidade desta sinerxía é aumentar o número de doutores altamente cualificados, a calidade das publicacións científicas e a actividade especializada de posgrao.

Este programa ofrece unha formación avanzada e de calidade que condúcese no eido da Estratexia de Especialización Intelixente da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal (RIS3T), xa que se trata dun programa de doutoramento que ten en conta a súa localización, no marco da Eurorrexión e a necesaria colaboración entre os seus socios. O apoio institucional continuo das Administracións Local, Provincial e Autonómica ao Campus da Auga, un contexto socioeconómico no que a investigación é o pilar do coñecemento e da competitividade e o seu contexto temático: importancia do sector industrial agroalimentario en Galicia, o importancia crecente do “dereito á auga”, a calidade dos alimentos, o envellecemento da poboación, o aumento da esperanza de vida, o potencial termal de Ourense como elemento diferenciador ou a existencia de lugares de alto valor patrimonial e turístico.

Con respecto á inserción na estratexia, nacional e europea de I+D+i compre destacar que no procedemento de acreditación dos campus de especialización do SUG no que o Campus Auga está en período de avaliación, os bloques temáticos se focalizan en 3 liñas de especialización: Alimentación, Medio ambiente e Xestión da Auga. Estas liñas de especialización se inxiren na Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable fronte aos retos sociais, económicos e ambientais da globalización. A Axenda promove 17 obxectivos de desenvolvemento sustentable (ODS). Dos cales , as liñas de investigación do PD_ASD focalízanse en 9 obxectivos.

Na liña de Alimentación:

Investigación, desenvolvemento e innovación na produción, elaboración e conservación dos alimentos.

Calidade e seguridade alimentaria

Competitividade e innovación da industria de produción de alimentos

Sustentabilidade ambiental na industria alimentaria

Obxectivos ODS: 2 fame cero, 3 saúde e benestar, 6 auga limpa e saneamento, 8 traballo decente e crecemento económico, 9 industria, innovación e infraestrutura, 12 produción e consumo responsables, 13 acción polo clima, 15 vida de ecosistemas terrestres.

Na liña de Medio ambiente:

» Auga, solo, flora e fauna. Protección dos recursos naturais

» Cambio climático, ciclo hidrolóxico e recursos hídricos

» Calidade ambiental biolóxica, calidade das augas e avaliación dos sistemas agrarios

- » Conservación de espazos naturais protexidos, acuíferos e ecosistemas de auga doce
- » Investigación aplicada en augas termais e mineromedicinais

Obxectivos ODS: 3 saúde e benestar, 6 auga limpa e saneamento, 8 traballo decente e crecemento económico, 9 industria, innovación e infraestrutura, 11 cidades e comunidades sostibles, 12 produción e consumo responsables, 13 acción polo clima, 15 vida de ecosistemas terrestres.

Xestión da Auga:

- » *Réxime xurídico das augas*
- » *Economía circular e loita contra o cambio climático*
- » *Recursos hídricos e eficiencia económica*
- » *Termalismo, turismo e auga*
- » *Patrimonio natural, material e inmaterial da auga e a súa utilización na planificación e desenvolvemento do territorio*

Obxectivos ODS: 3 saúde e benestar, 6 auga limpa e saneamento, 8 traballo decente e crecemento económico, 9 industria, innovación e infraestrutura, 11 cidades e comunidades sostibles, 12 produción e consumo responsables, 13 acción polo clima.

1.2.- O programa dispón de mecanismos para garantir que o perfil de ingreso dos doutorandos é axeitado e o seu número é coherente coas características e a distribución das liñas de investigación do programa e o número de prazas ofertadas.

Aspectos a valorar:

- O perfil de ingreso dos doutorandos e o seu número é coherente coas características e a distribución das liñas de investigación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O Programa de Doutoramento (PD_ASF) conta con mecanismos para asegurar que o perfil de ingreso dos doutorandos sexa adecuado e que o seu número sexa coherente coas características e a distribución das liñas de investigación do programa e o número de prazas ofertadas. Segundo a memoria de verificación do PD_ASF, o perfil de acceso recomendado é o dos titulados de calquera Mestrado Universitario relacionado coas liñas do PD_ASF, con preferencia para os titulados de certos Mestrados específicos:

- Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural
- Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria e Ambiental
- Creación, Xestión e Innovación na Empresa
- Xestión e Planificación do Turismo Interno e de Saúde
- Avogacía
- Enxeñaría Informática
- Acuicultura
- Oceanografía
- Ciencia e Tecnoloxía da Conservación dos Produtos Pesqueiros
- Xestión do desenvolvemento sostible.

Estes perfís de ingreso son acordes co establecido memoria ao respecto aos obxectivos de satisfacer ás seis áreas de especialización do Campus do Auga (Xestión da auga, Innovación social e educativa, medio ambiente, TIC, Turismo-patrimonio cultural e alimentación) que se desenvolven en tódalas Escolas e Facultades do Campus. Non se establecen requisitos de admisión para os estudos de doutoramento distintos dos establecidos no artigo 6 do Real Decreto 99/2011.

A oferta é de 25 estudantes, reservando 5 prazas para matrícula a tempo parcial. A Comisión Académica do Programa de Doutoramento (CAPD) realiza a avaliación do perfil de todos os candidatos a matricularse no PD. Ata o momento non se produciu unha situación que se requirise á CAPD facer unha selección candidatos que cumprisen as condicións de acceso, tal como está previsto na memoria académica no caso que a solicitude de matrícula superase a oferta de prazas.

Os datos de matrícula amósanse detallados na informe do perfil real de ingreso (ref: EDP3).

As 25 prazas que ofrece o programa son suficientes para cubrir á demanda, non necesitando de mecanismos de cotas entre liñas de investigación nin cotas para estudantes estranxeiros. A cada estudante admitido a liña de investigación que solicita coincidiu ca liña de investigación máis axeitada á súa formación predoutoral. Non está previsto na memoria do título desenvolver plans de acción tutorial.

O perfil de ingreso maioritario (ref: EDP12) é de grao 240 ECTS e mestrado 60 ECTS (42%) seguido do título universitario oficial correspondente ao nivel 3 do MECES (11%). O resto accede cos outros perfís de acceso considerados na memoria do título de xeito variado. Sómente un estudante accedeu co título de doutor. É salientable o incremento no 2021/22 de estranxeiros de fora do EEES.

O programa non cubre as prazas ofertadas cunha matrícula que baixou dende o 80% no curso 2017/18, ata o 36% no curso 2020/21, pero nos cursos comezou unha recuperación 2021/2022 40% que se confirma no curso 2022/23 con un aumento ata o 60%, co cal, o a media interanual é de 14.2 estudantes matriculados por curso na que se cobren e 57% das prazas ofertadas. Esta recuperación débese a que aumentou a captación tanto de estudantado nacional como estranxeiro.

Outra causa importante da baixada de matrícula nos cursos 2020/21 e 2021/22 é a instauración de dous novos programas de doutoramento no curso 2019/20, PD en protección e patrimonio cultural; e no 2020/21, PD en Dirección e Planificación do Turismo Interior. Estes dous PD están moi vencellados aos dous mestrados que proveían de estudantes ao PD_ASD en cursos anteriores e que formaban parte do perfil de acceso: Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural, e Xestión e Planificación do Turismo Interno e de Saúde. Por tanto, dos 5 mestrados no Campus de Ourense que dan acceso ao PD_ASD soamente un deles non está vencellado a outro programa de doutoramento. Afortunadamente o Máster da Avogacía recuperouse a matrícula dende os 18 estudantes do 2020/21 aos 24 do 2021/22.

Os datos por procedencia amosan que a metade dos estudantes matriculados corresponde a estranxeiros. Esta por foi incrementándose do inicialmente 35% no curso 2017/18 ata o 54.6% no 2021/22. A demanda estranxeira procede na súa maior parte de Portugal. Esta xustifícase por mor dos convenios subscritos cas tres institucións Portuguesas. Nos cursos 2021/22 e 2022/23 observouse un incremento de estudantes procedentes da República Popular China.

Con respecto á demanda de estudos por liñas estratéxicas, obsérvanse diferencias (ref. IPD13, Tabla 2).

Tabla 2. Estudantes matriculados por liña de investigación entre os cursos 2017/18 e 2021/22

	LIÑA DE INVESTIGACIÓN	2017/2018	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/22
L01	Réxime xurídico da auga	2	5	4	4	5
L02	Calidade da auga e os seus ecosistemas	4	7	8	8	6
L03	*Investigación e aplicacións das augas e augas termais	1	1	1	1	0
L04	Turismo. patrimonio cultural e auga	0	2	6	5	3
L05	*Réxime xurídico do medio ambiente e a súa sustentabilidade	0	0	2	3	2

L06	*Producción primaria sostible	0	1	1	0	0
L07	Xestión sostible	3	7	9	10	8
L08	O cambio climático e os recursos hídricos	3	5	7	8	9
L09	Dereito, TIC ou desenvolvemento	4	2	3	4	4
L10	*Alimentación e desenvolvemento	2	4	3	1	2
L11	Desenvolvemento turístico asociado ao patrimonio e a saúde	4	6	5	3	1

(*) Liñas que presentan escaseza de demanda.

As liñas de xestión sostible, calidade da auga, e cambio climático e xestión dos recursos manteñen unha demanda máis elevada que o resto. Outras se manteñen pero aproximadamente coa metade da demanda que as primeiras: réxime xurídico da auga, dereito TIC e desenvolvemento. Outras experimentan un lixeiro descenso coma a de alimentación e desenvolvemento, e Desenvolvemento turístico asociado ao patrimonio e a saúde. A liña de réxime xurídico do medio ambiente e a súa sustentabilidade non presentou non primeiros e experimenta un lixeiro ascenso que non é suficiente.

No documento de melloras proponse unha reorganización das liñas de investigación que consiste en dous agrupamentos de liñas e que se describen nas accións resultado do informe de avaliación do(s) seguimento(s) de ACSUG.

1.3.- O programa dispón de mecanismos axeitados de supervisión dos doutorandos e, se procede, das actividades formativas.

Aspectos a valorar:

- Os mecanismos de supervisión dos doutorandos son axeitados e correspóndese co establecido na memoria de verificación (asignación do titor e director de teses, control do documento de actividades do doutorando, valoración anual do plan de investigación, normativa de lectura de teses... e todos aqueles que a Comisión Académica do programa teña establecido).

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Na memoria de verificación do PD_ASF establece un sistema de control do desenvolvemento da tese de Doutoramento que consiste

- Nunha avaliación anual do documento de actividades xunto cos informes que o director (e o titor, se é o caso) deban emitir para o efecto.
- Avaliación pola CAPD do Plan Anual de Investigación (PAI).

Na avaliación anual do documento de actividades revísanse as actividades que contribúen efectivamente á formación investigadora do/a estudante.

Se establecen uns requisitos mínimos obrigatorios que deben cumprir as teses para proceder ao seu defensa pública, como a participación nun congreso ou a produción científica previa (publicación dun artigo científico) entre outros."

Aclaración

Nos requisitos para a lectura de tese establécense na memoria de verificación do título (Páx. 18/55):

Na subsección 5.3 da normativa para a presentación e lectura de teses de doutoramento os requisitos que o/a estudante debe cumprir para poder defender a tese doutoral no PD_ASF son os seguintes:

1. Elaboración dun traballo de investigación orixinal nalgún dos ámbitos de coñecemento do programa que supere os procedementos de control establecidos pola normativa.

2. Dispoñer de avaliación positiva do Plan de investigación onde en conxunto (ao longo de todos os anos) xustifíquense 500 horas de traballo nun mínimo de tres actividades formativas distintas, non podendo superar as actividades numeradas do 1 ao 5 do apartado cuarto da memoria 250 horas.

As actividades que se lle recoñecen ao estudante están especificadas no capítulo 4 da devandita memoria e resúmense na Tabla 3:

Tabla 3. Resumen-guía das actividades que debe realizar un/ha estudante do PD_ASF descritas no capítulo 4 da memoria de título do 2017.

Actividade #	Tipo	Horas reconocidas	Max. horas recoñecidas
1	Actividades formativas obrigatorias	30	30
1	Actividades formativas Optativas	< 30	220
2	Participación e presentación de relatorios en congresos	50 máximo por comunicación	250
3	Promoción da mobilidade para a obtención do doutoramento internacional (estancias)	40 máximo por semana	250
4	Publicación Indexada	150 máximo por publicación	250
5	Elaboración e exposición anual do Plan de Investigación (PAI, obligatorio)	50 máximo por exposición	150

Como resultado da aplicación das normas 5.3.2 da memoria da titulación, para que o estudante poda achegarse ás 500 h necesita cumprir (unha vez descontadas as 150 h de defensa do plan de investigación) 350 h en tres actividades diferentes das 1-4, ademais, dado que en ningunha delas pode acumular máis de 250 h, o/a estudante debe participar en congresos, publicar un documento de investigación indexado, ou realizar unha actividade de mobilidade. A CAPD_ASF considera que os requirimentos de calidade están claramente definidos na memoria de verificación e están en concordancia cos limiares esixibles nunha formación doutoral no ámbito internacional.

Segundo as evidencias recollidas pola CAPD, todas as actividades formativas expostas na memoria foron cursadas en todos os cursos académicos analizados ver Ref. EPD5.

A avaliación do PAI consiste na exposición e defensa públicas O tribunal formado polos membros da CAPD con competencia nos ámbitos e liñas de investigación nas que se desenvolve a tese de cada estudante.

A data da sesión se comunica con mes de antelación aos estudantes implicados, e simultaneamente se comunica aos membros da CAPD a solicitude para formar o tribunal de avaliación. Se lles envía unha presentación na que de se lle indica o xeito no que se desenvolve a sesión e a orde de intervención, e indicando o puntos chave que desenvolven no acto:

- Resumir a panorámica da súa investigación (motivación, obxectivos, metodoloxía).
- Os avances ou resultados máis significativos durante o período de avaliación,
- e puntos críticos que poderían afectar ao seu desenvolvemento.
- Duración da exposición 15 minutos
- Unha quenda de preguntas de hasta 10 minutos de duración.

Na semana previa á presentación se invita a todos os estudantes do PD para asistir ao acto, de xeito que os do primeiro ano poden observar como se desenvolve a defensa do PAI para aprender a preparar a defensa e facilitar o coñecemento entre eles. Esta sesión emítese por videoconferencia dende o curso ano 2019 para que aqueles profesores e estudantes con impedimentos para desprazarse poidan participar telematicamente.

Finalizado o acto se fai acta da sesión e se realiza a avaliación cada un dos plans de investigación defendidos. O/a estudante deberá recibir unha avaliación anual positiva do seu PAI, para o que deberá organizar adecuadamente as súas actividades co asesoramento do seu director e defender nos termos oportunos o cumprimento e a posta en valor do traballo realizado en cada período.

Anualmente, a CAPD avaliou o Plan de Investigación e o documento de actividades xunto cos informes que o director (e o titor, se é o caso) emitiron a tal efecto. A avaliación positiva foi requisito imprescindible para continuar no programa.

O PD_ASF cumpre coa normativa de admisión a trámite da tese e nomeamento de tribunal de acordo co regulamento vixente de estudos de doutoramento da UVigo. Durante o proceso de admisión a trámite dunha tese, a CAPD verifica que o estudante rexistrou no seu documento de actividades, aquelas actividades marcadas como obrigatorias polo programa as evidencias sobre o control realizado recóllense nas actas da CAPD, ver evidencia Ref.: EPD4.

Resultados de satisfacción en relación coa supervisión dos doutorandos e coas actividades formativas:

Analízanse os resultados xerais de cada ítem de valoración e a tendencia dos mesmos ao longo dos dous cursos, así como un análise desagregado para cada nivel de estudante:

A táboa mostra os resultados dunha enquisa de satisfacción para as ensinanzas de doutoramento en dous anos académicos, 2020/21 e 2021/22, realizada entre estudantes de 1º e 3º curso. Os ítems avaliados na son "12 O labor do/a meu/miña titor/a", "13 O labor do/a/s meu/miña/s director/a/s de tese" e "5 Oferta formativa".

En xeral, pódese observar unha tendencia positiva nas cualificacións para todos os ítems ao longo dos dous anos académicos. Para o ítem 12 "O labor do/a meu/miña titor/a", a cualificación promedio aumentou de 3.00 no ano académico 2020/21 a 5.00 no ano académico 2021/22. Para o ítem 13 "O labor do/a/s meu/miña/s director/a/s de tese", a cualificación promedio mantívose constante en 4.25 en ambos anos académicos. Para o ítem 5 "Oferta formativa", a cualificación promedio aumentou de 3.91 no ano académico 2020/21 a 4.67 no ano académico 2021/22.

Ao analizar os resultados desagregados por nivel de estudante, pódese observar que tanto os estudantes de 1º como os de 3º curso mostraron un aumento na satisfacción para todos os ítems avaliados. Para o ítem 12 "O labor do/a meu/miña titor/a", a cualificación media aumentou de 2.00 a 5.00 para os estudantes de 1º curso e de 4.00 a 5.00 para os estudantes de 3º curso. Para o ítem 13 "O labor do/a/s meu/miña/s director/a/s de tese", a cualificación media mantívose constante en 4.25 para os estudantes de 1º curso e aumentou de 4.00 a 5.00 para os estudantes de 3º curso. Para o ítem 5 "Oferta formativa", a cualificación a media aumentou de 4.25 a 5.00 para os estudantes de 1º curso e de 3.56 a 4.33 para os estudantes de 3º curso.

En resumo, os resultados mostran unha tendencia positiva na satisfacción tanto en xeral como desagregada por nivel de estudante para todos os ítems avaliados.

Compre destacar de xeito moi importante que na actual memoria do PD_ASF, a redacción da planificación temporal da defensa do plan de Investigación se establece o seguinte: "Esta actividad se realizará una vez al año durante los 3 años de doctorado en el caso de matrícula a tiempo completo. La Comisión Académica podrá autorizar un plan específico en este tipo de actividad para estudios a tiempo parcial. En este caso esta actividad se desarrollará durante el primer, tercer y quinto año, desde la admisión al programa hasta la presentación de la tesis doctoral."

Esta redacción pode vulnerar o dereito á lectura e defensa da tese de doutoramento nun período de 18 meses dende a data de matriculación, de acordo co establecido na normativa de permanencia da UVigo. Considerando que pode xerar situacións de colisión de normativas. Propoñemos a modificación da memoria no anexo ao presente informe de seguimento.

O resultados deste apartado da valoración indican que programa dispón de mecanismos axeitados de supervisión dos doutorandos e das actividades formativas.

1.4.- Garántese unha adecuada coordinación no caso dos programas interuniversitarios e as colaboracións previstas na memoria desenvóléronse adecuadamente.

Aspectos a valorar:

- O funcionamento dos mecanismos de coordinación entre as universidades que imparten o programa.
- Repercusión no programa das colaboracións con outras institucións, organismos ou centros, se se acadou o obxectivo establecido nas ditas colaboracións.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Coordinación coas outras universidades que forman parte do programa:

Non Procede, este programa de doutoramento non é interuniversitario.

Colaboración con outras institucións (convenios de colaboración, actividades e resultados):

Os convenios de colaboración participan, dende a posta en marcha do PD_ASD, a Universidade Trás-os-Montes e Alto Douro (UTAD) e o Instituto Politécnico de Porto (P.Porto), e posteriormente asinou un convenio co Instituto Politécnico de Bragança (IPB) en maio de 2020 (evidencia EDP9).

En concordancia coa memoria da titulación e cos convenios de colaboración, na CAPD foron incorporados os profesores Rui Manuel Vitor Cortés (UTAD), Cristina Maria Fernandes Delerue Alvim de Matos (P.Porto), e María José Alves (IPB) nas que participan activamente na coordinación das actividades do PD, e propostas e resolucións adoptadas pola CAPD. Neste curso foi comunicada a baixa do provero Cortés por xubilación, e a CAPD está pendente de que a UTAD comunique o seu relevo.

A participación de profesores estranxeiros na CAPD permite reforzar a visibilidade do PD_ASD nas institucións da eurorexión Galicia-Norte de Portugal e a colaboración entre elas. Como froito disto último cabe destacar a elevada porcentaxe de estudantes portugueses matriculados e teses defendidas. Estes resultados fortalecen a internacionalización do PD_ASD.

1.5.- A institución dá resposta ás posibles recomendacións realizadas no Informe de verificación e no seu caso nos posibles informes de modificacións, así como ás que puideran conter os sucesivos informes de seguimento.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Recomendacións do informe de verificación (síntese do estado de situación):

A presente reflexión e comentarios están feitas sobre o Informe de Seguimento provisional debido que na data de redacción desta memoria aínda non se dispón do informe definitivo. Dado que o informe provisional é conforme e que chegou cando o título xa está realizando o proceso de renovación da verificación, a Universidade de Vigo considera que non procede realizar unha alegación formal ao informe provisional de seguimento. Non obstante, a CAPD considerou emitir unhas aclaracións ao mencionado informe:

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

Criterio 1. Organización e desenvolvemento

Séptimo párrafo da valoración:

"De las evidencias se deduce que la mayoría de las actividades planteadas en la memoria no han llegado a ser ofertadas en ninguno de los cursos académicos analizados, y del Autoinforme se deduce que tan sólo se está desarrollando la actividad formativa Elaboración y exposición del Plan de Investigación (150h-obligatoria) como parte..."

Aclaración

Segundo as evidencias recollidas pola CAPD, todas as actividades formativas propostas na memoria foron completadas en todos os cursos académicos analizados e que se poden comprobar na evidencia EPD4. No próximo autoinforme de renovación da acreditación procurarase facer máis claras as evidencias da realización destas actividades.

Final do sétimo párrafo da valoración:

"Asimismo, no se establecen unos requisitos mínimos obligatorios que deben cumplir las tesis para proceder a su defensa pública, como la participación en un congreso o la producción científica previa (publicación de un artículo científico) entre otros."

Aclaración

Nos requisitos para a lectura da tese establécense na acta de verificación do título (Páx. 18/55):

<< 5.3 Normativa para la presentación y lectura de tesis doctorales:

Los requisitos que el alumno o alumna debe cumplir para poder defender la tesis doctoral en el Programa en Agua, Sostenibilidad y Desarrollo son los siguientes:

1. Elaboración de un trabajo de investigación original en alguno de los ámbitos de conocimiento del programa que supere los procedimientos de control establecidos por la normativa.
2. Disponer de evaluación positiva del Plan de investigación donde en conjunto (a lo largo de todos los años) se justifiquen 500 horas de trabajo en un mínimo de tres actividades formativas distintas, no pudiendo superar las actividades numeradas del 1 al 5 del apartado cuarto de la memoria 250 horas >>

Estas actividades están especificadas no capítulo 4 da devandita memoria e resúmense na Táboa 5 recollida no apartado 1.3.

Como consecuencia da aplicación das normas 5.3.2, para alcanzar as 500 h, é necesario cumprir (unha vez descontadas as 150 h de defensa do plan de investigación) 350 h en tres actividades diferentes do 1-4, tamén, dadas que en Ningún deles poderá acumular máis de 250. O estudante deberá realizar ben un número importante de participacións en congresos, obter unha publicación indexada ou realizar unha actividade de mobilidade.

A CAPD considera que estes requisitos se axustan aos limiares esixidos na formación de doutoramento a nivel internacional. E, polo tanto, considera que non é necesario establecer estes requisitos de calidade xa que están claramente definidos no informe de comprobación.

Octavo párrafo de la valoración:

"Sin embargo, se observa un descenso del porcentaje de estudiantes que realizan estancias, pasando del 20% en 2017-18, a un 6,06% en 2020-21 (IPD09), y consecuentemente el porcentaje de tesis defendidas con mención internacional es bajo (IPD18.7)."

Aclaración

Nos anos 2020 e 2021 produciuse unha situación de limitada mobilidade imposta polas medidas de contención do COVI-19 no primeiro estado de alarma ata o 21 de xuño de 2020 e no segundo estado de alarma en maio de 2021.

Recomendacións do informe de avaliación externa do seguimento, se procede (síntese do estado de situación):

No documento de proposta de melloras ao informe provisional de seguimento do Programa de Doutoramento en Auga, Sustentabilidade e Desenvolvemento da Universidade de Vigo, no Criterio 1. Organización e desenvolvemento, preséntanse as recomendacións e as accións correspondentes.

A Recomendación 1.1 suxire activar medidas para aumentar a matrícula de novo ingreso. Aclárase eu que se aplicaron melloras na difusión do programa e rexistrouse un aumento nas solicitudes e matrículas no curso seguinte cursos 2022-23.

Na Recomendación 1.2 súxírese replantexar liñas con baixo porcentaxe de alumnado. En resposta a esta recomendación se inclúe no documento de accións resultado do informe de avaliación do(s) seguimento(s) de ACSUG.

A Recomendación 1.3 suxire revisa-la oferta de actividades formativas, á cal se respondeu que se demostra que as actividades foron ofertadas e cursadas, polo que non é necesario formular accións correctoras.

A Recomendación 1.4 suxire establecer requisitos de calidade para a defensa pública das teses, respondeuse que xa existen uns requisitos de calidade do nivel suxerido, polo que non é necesario formular accións correctoras.

A Recomendación 1.5 suxire fomenta-la internacionalización do programa e a mobilidade do estudiantado, á cal respondeuse que se estudará a adopción de medidas correctoras como establecer alianzas e convenios con universidades e centros de investigación noutros países, promocionar e difundir o programa en eventos e foros internacionais, difundir información sobre axudas para a mobilidade internacional e establecer programas de tutorías e orientación específicos para estudantes estranxeiros.

No criterio 5. Recursos materiais e servicios, preséntanse tres recomendacións e as accións correspondentes.

A Recomendación 5.1 suxire informar o estudiantado sobre as axudas económicas, e aclárase que se implantou unha plataforma electrónica para difundir esta información con maior eficacia.

A Recomendación 5.2 suxire promover a participación do alumnado en programas de mobilidade, e indicase que pódese satisfacer mediante as accións en resposta á recomendación 1.5.

A Recomendación 5.3 suxire realizar un esforzo no relativo a orientación e apoio aos alumnos. En resposta se propoñerá implantar progresivamente accións como promover o acceso a recursos en liña, crear grupos de discusión, fomentar a colaboración entre os estudantes, realizar enquisas regulares, e promover a mentorización entre estudantes de doutoramento de diferentes niveis.

No criterio 6. Resultados do programa formativo, preséntanse catro recomendacións e as accións correspondentes.

A Recomendación 6.1 suxire fomenta-la realización de teses de doutoramento con mención internacional e a Acción 6.1 indica que a CAPD explicará ós estudantes e directores de teses as vantaxes de obtención da mención internacional e mellorarase a información sobre o proceso administrativo de depósito.

A Recomendación 6.2 suxire realizar un seguimento da duración media das teses, a cal se explica que a petición de prórrogas está debidamente xustificada.

A Recomendación 6.3 suxire realizar un seguimento dos motivos da extensión da duración das teses. Aclarase que pode satisfacerse do mesmo xeito que na resposta á recomendación 5.3, asemade proporase realizar enquisas para identificar as razóns do abandono.

A Recomendación 6.4 suxire dispoñer de información obxectiva sobre o grao de satisfacción dos estudantes á que se resposta mediante a mellora das enquisas sobre a satisfacción dos estudantes de doutoramento e outras partes involucradas.

A análise do criterio baséase en:

Evidencias:

EPD1: Memoria vixente

EPD2: Informes de verificación e, se procede, de modificación, seguimento e renovación da acreditación, incluíndo os plans de mellora

EPD3: Informe/Acta onde se recolla a análise do perfil real de ingreso/egreso

EPD4: Evidencias da realización das actividades formativas e sistemas de control realizados, de acordo coa planificación establecida

EPD5: Informe de avaliación anual da Comisión Académica (seguimento)/Documento de actividades de cada estudante, onde se indiquen as actividades realizadas por cada doutorando (acreditación)

EPD6: Informe de complementos de formación específicos

EPD7: No caso de programas interuniversitarios, evidencias de coordinación entre universidades participantes

EPD8: Convenios de colaboración en vigor

EPD9: Informes sobre actividades realizadas con institucións coas que o programa de doutoramento tivo colaboracións (con ou sen convenio)

EPD10: No seu caso, evidencias de participación do programa en redes internacionais

Indicadores:

IPD1: Número de prazas ofertadas

IPD2: Demanda

IPD3: Número de estudantes matriculados/as de novo ingreso (indicar o número de estudantes que proceden de programas de doutoramento en extinción)

IPD4: Número total de estudantes matriculados (no caso dos programas interuniversitarios, desagregado por universidade participante)

IPD5: Porcentaxe de estudantes de novo ingreso procedentes de estudos de máster doutras universidades

IPD6: Porcentaxe de estudantes estranxeiros (de fóra de España) sobre o total de matriculados

IPD7: Porcentaxe de estudantes de novo ingreso que requiren complementos formativos

IPD8: Porcentaxe de estudantes matriculados segundo a dedicación (tempo completo, tempo parcial e mixto)

IPD9: Porcentaxe de estudantes que realizan estancias de investigación autorizadas como tales pola Comisión Académica (diferenciar estudantes entrantes e saíntes)

IPD10: Porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade (diferenciar estudantes entrantes e saíntes)

IPD11: Porcentaxe de estudantes con bolsa ou contrato predoutoral (FPI, FPU, Xunta...)

IPD12: Porcentaxe de estudantes segundo perfil de ingreso

IPD13: Porcentaxe de estudantes segundo liña de investigación

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO PROGRAMA

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características e os resultados do programa de doutoramento e dos procesos de xestión que garanten a súa calidade.

2.1.- A institución publica información obxectiva, completa e actualizada sobre o programa de doutoramento, as súas características, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa, o seu

desenvolvemento e os resultados alcanzados.

- A información sobre o programa é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do programa e as súas posteriores modificacións.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A Universidade publica información sobre todos os programas de doutoramento de xeito centralizado na dirección eido.uvigo.es, así como do resto das súas titulacións. Neste senso, no portal da Universidade actualízase diariamente a páxina de cada programa a partir dos datos do servidor académico, mostrando a información mais importante do programa, a memoria, as teses dirixidas, as liñas de investigación e os complementos formativos, entre outros datos. E no Portal de Transparencia da Universidade de Vigo (<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/22>) publícase información sobre o resultado alcanzado polos programas.

Particularmente, este Programa de doutoramento ten con una páxina WEB propia (<https://webs.uvigo.es/pddauga>) na que se mostra toda a información relevante do programa de doutoramento, tanto para el alumnado xa matriculado, como para os posibles interesados en matricularse, e na que se publica as novidades e as actividades vencelladas ao programa.

2.2.- A institución garante un fácil acceso á información relevante de programa de doutoramento a todos os grupos de interese.

Aspectos a valorar:

- Garántese un fácil acceso á información relevante do programa a todos os grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Todos os grupos de interese teñen acceso á información relevante, a través da información que proporciona a Universidade fundamentalmente pola páxina WEB (eido.uvigo.es), na que se pode atopar acceso á matrícula, á información académica, ás bolsas, á calidade, ás teses depositadas e as aprobadas para a súa defensa, aos premios extraordinarios de doutoramento e aos formularios para presentar as teses, para homologacións, altas e baixas de profesores do programa, etc.

Pero tamén a través da WEB propia do programa e a través do correo electrónico e o teléfono, os responsables do programa e o persoal administrativo de apoio dan información pormenorizada tanto o alumnado actual como aos posibles candidatos ao acceso ao programa.

Resultados de satisfacción en relación coa(s) web(s) e a información pública:

Compre manifestar que non foi posible desenvolver as recomendacións de mellora indicadas no Informe de Seguimento, porque emitíuse o día 26/05/2023, e polo tanto non houbo tempo de poñer en marcha ás modificacións.

Actualízase o informe cos datos das novas enquisas de satisfacción dos cursos 2020/21 e 2021/22.

A análise dos datos desagregados para o PD_ASD correspóndese aos cursos 2017/18, 2020/21 e 2021/22 polas razóns xa expostas no Informe de Seguimento. A participación virou para os estudantes de 1º curso dende o 55% no 2017/18, , 44% no 2020/21 ata o 38% no 2022. A participación dos estudantes de 3º curso ascendeu do 33% en 2020/21 ao 43% en 2021/22.

No relativo a "Información e orientación xeral do programa" os Estudantes de 1º Curso aportan valoracións máis baixas que os de 3º curso. Nos primeiros a valoración foi descendendo 3.95 (2017/18), 3.50 no (2020/21) e 3.00 (no 2021/22). Sen embargo, para os estudantes de 3º A percepción é inversa de 3.33 no (2020/21) a 4.00 (2021/22). Os elementos de valoracións que causan esta percepción son a información proporcionada sobre a mención internacional/mención industrial, a información proporcionada sobre o sistema de bolsas/contratos da etapa de formación, a información proporcionada sobre o sistema de bolsas/contratos para investigadores/as posc doutorais, e finalmente a información sobre saídas profesionais tralo doutoramento.

No referido á Información Pública do PD. Os estudante de 1º do 2017/18 se valorou como 3.91, 2.75 no (2020/21) e 3.00 no 2021/22. En canto aos de 3º curso, a valoración foi moito máis positiva con un 3.67 (2020/21) e 4.33 (2021/22).

Aínda que non se poden extraer conclusións sobre unha mostra nunha enquisa na que participaron unicamente tres estudantes no terceiro curso. A CAPD estima convinte mellorar a información pública sobre estes elementos de valoración na páxina web tal como se indica no informe de seguimento.

Dado o retraso entre a resolución do informe de seguimento e o actual informe de verificación, non houbo tempo para aplicar as accións de mellora. Estas aplicaranse o antes posible para ser valoradas nos vindeiros procesos de verificación.

2.3.- A institución fai público o SGC no que se enmarca o programa de doutoramento.

Aspectos a valorar:

- Garántese un fácil acceso á información relevante do SGC no que se enmarca o programa.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A información relevante sobre o sistema de garantía de calidade (SGC) do programa está organizada de xeito centralizado na web da EIDO, na ligazón <https://www.uvigo.gal/estudar/organizacion-academica/eido-escola-internacional-doutoramento/calidade>.

Esta organización é o resultado dun proceso de redeseño da web institucional da Universidade de Vigo en 2019, que inclúe tamén un novo redeseño para a web da Eido.

Os contidos relacionados coa calidade na Eido, na dita web, están en fase de execución, de xeito que se combina información centralizada con información específica na web do programa. A estrutura centralizada contén información acerca de:

- A documentación do SGC: o manual de calidade, que inclúe a política e os obxectivos de calidade, e os procedementos aprobados.
- A información relacionada cos programas de calidade que compoñen o ciclo de mellora do programa (VSMA: verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación).
- A documentación relacionada cos órganos responsables do SGC (principalmente, as actas da comisión de calidade da EIDO e os seus acordos).
- Información sobre outros programas de calidade relacionados coa Eido
- Outra información relacionada cos resultados do programa.

A Universidade de Vigo ten centralizada unha boa parte da información institucional no Portal de Transparencia, ao que se pode acceder directamente e en aberto desde a súa web principal, na ligazón <https://seix.uvigo.es/uv/web/transparencia/>. Este portal garante un fácil acceso á información específica dos resultados dos indicadores dos programas de calidade da titulación,

dispoñible no Portal de Transparencia / UVigo en cifras, na ligazón
<https://seix.uvigo.es/uv/web/transparencia/grupo/5>

En relación con isto, a acción do Criterio 2.3 – Desenvolver a estrutura de calidade da web da Eido, do plan de mellora adxunto, considérase pechada.

A análise do criterio baséase en:

Evidencias:

EPD11: Web da institución/programa

EPD12: Documentación derivada dos procesos do SGC sobre información pública, recollida de información e rendemento de contas (informes varios, plan operativo de información pública...)

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO PROGRAMA

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE: A institución dispón dun SGC formalmente establecido e implantado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua do programa de doutoramento.

3.1.- O SGC implantado facilita os procesos de deseño e aprobación do programa de doutoramento, o seu seguimento, as modificacións e a renovación da acreditación.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo dende o SGC permiten introducir modificacións para a mellora do programa.
- O seguimento das melloras do programa confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos propostos.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Deseño e desenvolvemento do SGC:

O sistema de garantía de calidade do programa enmárcase dentro do SGC da Escola Internacional de Doutoramento (Eido). O deseño deste sistema é centralizado e institucional, e abrangue todos os programas de doutoramento oficiais da Universidade de Vigo.

O deseño do SGC comezou a finais do ano 2016, con reunións entre as outras dúas universidades do SUG (USC e UdC) co obxecto de trazar liñas xerais comúns sobre a identificación e a organización dos procesos de funcionamento do ciclo de doutoramento, considerando as directrices do programa Fides-Audit e seguindo as recomendacións da ACSUG. Na Universidade de Vigo constituíuse un grupo de traballo arredor da Eido (dirección da Eido, secretario académico da Eido, Área de Calidade, xefe do Servizo de Estudos de Posgrao) que mantén reunións periódicas desde comezos de 2017 para desenvolver a estrutura e a documentación do SGC.

Froito deste traballo, constituíuse a Comisión de Calidade da Eido o 27.04.2017 (véxase abaixo para máis detalles) e desenvólvese a documentación dos procesos ao longo de 2017 e 2018 (véxase ficha de mellora correspondente ao criterio 3).

Unha primeira versión do Manual de Calidade da Eido (índice 00), que incluía a Política e os Obxectivos de Calidade, foi aprobada no Comité de Dirección da Eido o 18.07.2017. Este Manual incorpora, de xeito destacable:

- A presentación e estrutura académica e administrativa da Eido, de acordo co seu Regulamento de réxime interno (RRI),
- A estrutura organizativa e de responsabilidades institucionais e específicas da Eido sobre calidade (estas últimas están coordinadas no comité de dirección, dirección, comisión de calidade, coordinación de calidade e comisións académicas dos programas de doutoramento –CAPD–),
- O alcance, obxectivos xerais, directrices e marco lexislativo e normativo do SGC,
- O mapa de procesos do SGC
- A política e os obxectivos de calidade

A fase de deseño do SGC rematou a finais de 2018. A Comisión de Calidade da Eido validou este deseño o día 14.12.2018 e o Comité de Dirección, máximo órgano de responsabilidade da Eido, aprobouno na súa sesión do 17.12.2018. Elaborouse unha segunda versión do Manual (índice 01), que mantén a estrutura mencionada e incorpora axustes relacionados cos procesos do SGC e coa actualización das competencias dos órganos de goberno (por mor da incorporación dun novo equipo de goberno da universidade no ano 2018). A documentación completa do SGC (Manual de Calidade, procedementos e anexos) enviouse a ACSUG o día 20.12.2018 para ser avaliada.

O 30.07.2019 ACSUG remitiu o Informe de certificación do deseño cun resultado FAVORABLE. Destácase que este resultado converte a Eido na primeira escola de doutoramento do SUG en acadar este recoñecemento. Ademais, o informe resalta que non se detectan aspectos que deban ser obxecto dun plan de mellora, só recomendacións de mellora. En todo caso, a Eido desenvolveu un plan de accións para axustar estas cuestións.

Finalmente, o Consello de Goberno da Universidade de Vigo ratificou este modelo coa súa aprobación na súa sesión do 27.02.2020.

En relación con isto, a acción do Criterio 3 – Desenvolver os procedementos do SGC da Eido, do plan de mellora adxunto, considérase pechada.

Implantación do SGC:

O desenvolvemento deste procedementos está orientado a facilitar e garantir os procesos de deseño, implantación, mellora e renovación da acreditación dos programas de doutoramento asociados á Eido (o ciclo VSMA) de xeito que o obxectivo é garantir a dispoñibilidade do SGC no momento da renovación da acreditación dos programas.

Aínda que o deseño do SGC se desenvolveu ata finais do 2018, moitas das actividades descritas nos procedementos do SGC xa están en funcionamento desde fai varios anos, conforme o RD 99/2011. O seguimento piloto do 2017 e o seguimento do 2018 demostran que se levan a cabo estas actividades, que están dispoñibles os rexistros e documentos asociados a elas e que se calculan e tratan os indicadores de resultados conforme a Guía de seguimento e acreditación da ACSUG.

Os resultados dos informes da ACSUG de avaliación da verificación dos programas e do seu seguimento permiten ir axustando e corrixindo o seu funcionamento, a través de plans de mellora, cara a súa renovación da acreditación e a satisfacción dos grupos de interese.

A implantación sistemática e efectiva deste SGC estaba programada para o curso 2019/20 e seguintes.

Porén, a pandemia provocada pola COVID-19 alterou as condicións de vida no conxunto da sociedade; 2020 volveuse un ano especialmente complexo e rodeado de incertezas que afectan, en particular, tamén á normalidade da vida universitaria e ao desenvolvemento de todas as súas actividades. A saúde e a seguridade

priman agora neste novo escenario. Esta situación excepcional provocou unha reacción inmediata da Eido, adaptando as súas actividades (depósito e defensa das teses en liña como modalidade preferente, atención presencial con cita previa, activación de salas virtuais para cursos e actividades formativas, extensión dos prazos para finalizar as teses, mobilidade en remoto...).

Para retomar e reconducir esta situación, a Comisión de Calidade da Eido primeiro e despois o Comité de Dirección aprobaron en decembro de 2021 o Proxecto de implantación do SGC.

A implantación está programada para desenvolverse desde fin de 2021 ata fin de 2022 (data obxectivo).

Este proxecto xira sobre 3 eixes:

- Implantación participativa e colaborativa dos procesos a través de grupos de traballo
- Integración progresiva de estándares de sustentabilidade e responsabilidade social (ODS)
- Preparación para a Certificación da implantación do SGC e futura Acreditación institucional

As metas definidas na política e obxectivos de calidade marcarán as liñas estratéxicas que dirixirán esta implantación, en coherencia co establecido nos procedementos.

En todo caso, a implantación programada incluírá retomar, en liñas xerais, actividades ligadas a:

- formación e sensibilización sobre calidade en doutoramento destinadas aos principais grupos de interese involucrados neste ciclo (directores e titores de teses, profesorado en xeral, persoal de administración e servizos de soporte), ademais do estudiantado, e

-reunións de información, análise e mellora sobre os procesos de funcionamento, destinadas principalmente ás CAPD e ás áreas administrativas, coa participación doutros órganos ou entidades implicadas.

A nova Estratexia da Eido 2022/2026 foi informada na Comisión de Calidade do 20.09.2022 e aprobada no Comité de Dirección do 20.12.2022. Está aliñada co Plan Estratéxico da UVigo 2022/2026, revisa e actualiza a Política e Obxectivos de Calidade, e establece as metas a medio e longo prazo xa incorporando aspectos relacionados cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS), en liña co establecido tamén no RD 822/2021.

Por outra parte, a Memoria de Calidade da Eido, elaborada cunha frecuencia anual desde 2019/20, vai incorporar, por primeira vez no 2023, elementos asociados aos ODS.

Estrutura documental do SGC:

A estrutura do SGC de doutoramento dá resposta a dous niveis de esixencia: os procesos institucionais e os procesos específicos dos programas de doutoramento.

-Procesos institucionais: son aqueles cuxas responsabilidades, organización e actividades teñen, sobre todo, un carácter marcadamente institucional, isto é, a súa xestión depende sobre todo dos órganos de goberno institucionais ou centralizados (Consello de Goberno, vicerreitorías, servizos e unidades centralizados...).

O seu deseño lévase a cabo, (segundo as datas indicadas na ficha de mellora), a partir da experiencia e dos procesos certificados no modelo Fides-Audit para as facultades e escolas (titulacións de grao e mestrado) e coas adaptacións oportunas adaptadas ao ciclo de doutoramento.

-Procesos específicos dos PD: son aqueles cuxas responsabilidades, organización e actividades están máis asociados ao ciclo de doutoramento e á súa relación coa innovación e a investigación.

O mapa definitivo de procesos do SGC da Eido (véxase o Manual de calidade) identifica un total de 18 procesos:

Procesos institucionais (15 procesos):

Son os seguintes (coas denominacións definitivas):

- DE-01 Estratexia e DE-02 Revisión do SGC (procesos de Dirección estratéxica)
- MC-01 Xestión de queixas, suxestións e parabéns (procesos de Xestión da calidade e mellora continua)
- XP-01 Deseño e aprobación dos programas; XP-02 Seguimento, mellora e acreditación dos programas e XP-03 Suspensión e extinción dos programas (procesos de Xestión dos programas)
- FI-02 Xestión da mobilidade (procesos de formación dos investigadores/as)
- AC-01 Admisión e AC-02 Atención ao estudantado e orientación profesional (procesos de Xestión Académica)
- XD-01 Control dos documentos e XD-02 Control dos rexistros (procesos de Xestión documental)
- IP-01 Información pública e rendemento de contas (proceso de Información pública)
- PE-01 Xestión do persoal de apoio e PE-02 Xestión do persoal académico (procesos de Xestión do persoal)
- IA-01 Xestión dos recursos materiais e dos servizos (proceso de Xestión da infraestrutura).

Procesos específicos (3 procesos):

- MC-02 Medición da satisfacción (procesos de Xestión da calidade e mellora continua)
- FI-01 Aprendizaxe e avaliación dos doutorandos/as e FI-03 Autorización e defensa da tese (procesos de Formación dos investigadores/as)

A documentación completa do SGC (Manual de Calidade coa Política e Obxectivos de Calidade, os procedementos e os anexos) pode atoparse na ligazón:

<https://www.uvigo.gal/estudar/organizacion-academica/eido-escola-internacional-doutoramento/calidade>

Comisión de Calidade da Eido:

A Comisión de Calidade da Eido constitúese o día 27.04.2017 coa estrutura prevista no Manual de Calidade. Tamén se nomeou o coordinador de calidade da Eido.

O 30 de outubro de 2019 creouse o cargo de subdirector da Eido, que asume tamén a coordinación de calidade.

A Comisión de Calidade é un órgano clave nos procesos de calidade da Eido, e leva a cabo a funcións previstas no Manual de Calidade.

As actas da Comisión de Calidade poden atoparse na ligazón:

<https://www.uvigo.gal/estudar/organizacion-academica/eido-escola-internacional-doutoramento/calidade>

3.2.- O SGC implantado garante a recollida de información e dos resultados relevantes para a toma de decisións e a xestión eficiente do programa de doutoramento.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e utilízaos para a toma de decisións e a mellora da calidade do programa, desenvólvense de acordo ao establecido.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O deseño e o desenvolvemento do SGC do programa de doutoramento estase orientando para contar con mecanismos e procedementos que permitan:

-Establecer os resultados previstos para os programas (procedementos de Deseño e aprobación dos programas e de Seguimento, mellora e acreditación dos programas) a partir de datos históricos e/ou de estimacións futuras.

Este aspecto xa se está levando a cabo cada vez que se elabora unha nova memoria de verificación dun programa ou unha memoria verificada.

- Medir os resultados alcanzados polo programa, tanto en cada curso académico como na súa evolución, no que atinxe ao rendemento académico, satisfacción, cualificación do persoal, mobilidade, inserción laboral...(procedementos do proceso de Formación dos/as investigadores/as, Medición da satisfacción, Xestión do persoal, Xestión de Queixas, Suxestións e Parabéns.); analizar esta información e tomar accións de mellora (procedementos de Seguimento, modificación e acreditación dos programas e de Revisión do sistema pola dirección).

A Comisión de Calidade da Eido analiza e aproba as actividades de satisfacción de xeito cíclico.

Estes indicadores xa inclúen datos sobre os resultados de satisfacción dos grupos de interese:

- Estudantes, tanto de 1º como de 3º ano, obtidos a partir das enquisas dos cursos 2015/16, 2016/17, 2017/18, 2018/19, 2019/20, 2020/21 e 2021/22
- Profesorado, de xeito bienal, a partir da enquisa de 2018 (cursos 2012/13 a 2017/2018), 2020 (cursos 2018/19 e 2019/20) e 2022 (cursos 2020/21 e 2021/22).
- PAS: realizada por primeira vez en novembro 2021
- Titulados: Véxase comentarios na epígrafe 6.5

A ficha de mellora correspondente ao criterio 3 (e tamén co criterio 6), relacionada coa recollida de opinión dos grupos de interese da Eido detalla o desenvolvemento deste aspecto.

Como se comentou, no seguimento dos programas de 2017, e logo tamén no do 2018, así como na renovación da acreditación das convocatorias 2018/19 a 2020/21, xa se elaboraron os correspondentes informes coa información e os resultados (evidencias e indicadores) que permiten tomar as decisións e mellorar a xestión do programa de doutoramento. Esta análise e toma de accións de mellora realízase ao nivel institucional (dirección da Eido, Comisión de Calidade da Eido...) e ao nivel do programa (CAPD).

-Publicar e difundir estes resultados para que estean dispoñibles e sexan accesibles, tanto para responsables do SGC do programa como para a sociedade en xeral.

A información pública dos resultados dos programas de doutoramento xa se pode atopar no Portal de transparencia da Universidade de Vigo desde o curso piloto 2017, con acceso a partir do vínculo

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/>

3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense plans de mellora para optimizalo.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- A implicación de todos os grupos de interese no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Revisión do SGC

O deseño e o desenvolvemento do SGC do programa de doutoramento contan con mecanismos e procedementos que permitan analizar e revisar o SGC periodicamente (procedemento de Revisión do SGC). Esa revisión, dirixida pola dirección da Eido, contará cos grupos de interese determinados no Manual de Calidade (ex.: Comisión de Calidade) e no propio procedemento, e dará lugar aos plans de mellora que se consideren.

A primeira revisión pola dirección realizarase, en coherencia co desenvolvemento dos procedementos (véxase acción de mellora) despois de rematar o deseño destes e tras comezar a súa implantación.

Participación dos grupos de interese:

Como se comentou anteriormente, o proceso de deseño do SGC desenvólvese de xeito participativo no que están implicados:

- as persoas do grupo de traballo, que, ademais do persoal da Eido, forman parte de diferentes servizos relacionados coa escola,
- os membros da comisión de calidade da Eido, que representan os diversos colectivos relacionados co doutoramento,
- os membros do comité de dirección, que é o órgano colexiado de representación e de decisión da Eido,
- os responsables de calidade dos programas de doutoramento.

Este proceso está regulado, ademais do establecido no Manual de Calidade, no procedemento de Control dos documentos.

A medida que os procedementos se vaian deseñando e implantando, irán xerando os rexistros de calidade ou evidencias (véxase procedemento de Control dos rexistros) que manifestarán o resultados do funcionamento dos procesos e da aplicación da política e dos obxectivos de calidade aprobados.

É previsible que o deseño do SGC sexa obxecto de axustes aos cambios lexislativos e normativos realizados no 2021/22, e tamén por mor das melloras do funcionamento dos procesos do SGC. Esta decisión, e os procesos afectados, será confirmada na reunión anual de revisión do SGC 2023.

A análise do criterio baséase en:**Evidencias:**

EPD13: Informes de avaliación do deseño do SGC

EPD14: Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)

EPD15: Actas das reunións celebradas, nos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado cos acordos adoptados en cada reunión)

EPD16: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensino e avaliación centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos de información pública)

EPD17: Plans de seguimento e accións de mellora derivados da implantación do SGC

EPD18: Informe/documento onde se recolla a análise das enquisas de satisfacción (% participación, resultados e evolución...)

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS: O persoal docente e investigador (PDI) e de apoio é suficiente e idóneo, de acordo coas características do programa, o ámbito científico e o número de estudantes.

4.1.- O PDI reúne os requisitos esixidos para a súa participación no programa e acredita a súa experiencia investigadora.

Aspectos a valorar:

- O PDI que participa no programa conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) esixido para a impartición do mesmo e é acorde coas previsións incluídas na memoria verificada. Débese actualizar a información proporcionada no momento da verificación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Todo o profesorado do programa cumpre coa cualificación requirida pola normativa de Estudos de Doutoramento para a dirección de Teses. Mais do 79 % do profesorado ten o último sexenio activo e este número ten tendencia a incrementarse ata o 81% actual (Ref.: IDP15).

Na relación de profesores/as do PD_ASD, se inclúen todos os que se incorporaron na memoria da titulación, ofertando as súas liñas de investigación de xeito consistente coas liñas temáticas establecidas na mesma.

A práctica totalidade do profesorado do programa pertence a grupos de referencia competitiva (EPD20) e a centros de investigación CIM a CINBIO. Na evidencia EPD21 pódese observar que o número de proxectos que dirixe o profesorado deste programa é moi elevado, e polo tanto, ten capacidade de financiación externa mediante contratos de investigación e axudas de investigación pública en concursos competitivos.

A incorporación de novos directores de tese faise de acordo con aquelas solicitudes de estudantes que teñen acordado un plan de investigación cun/ha potencial director/a que non pertence ao PD_ASD, e pretenden desenvolver a tese de acordo cas liñas de investigación establecidas no PD. O requirimento establecido pola CAPD é que cumpra os méritos e experiencia investigadora requiridos na normativa de doutoramento da UVIGO (formularios TC-32, e TC-45).

Ademais, outros profesores/as e investigadores/as imparten docencia nas actividades académicas que figuran na seguinte táboa:

Tabla 3. Profesores investigadores externos que imparten docencia nas actividades formativas do PD_ASD.

Dália Filipa Veloso de Azevedo Liberato	P.Porto	Necesidades de investigación de tipoloxías turísticas relacionadas coa auga.
Sergio Vicente Serrano Martín	Instituto Pirenaico de Ecología - CSIC	Fundamentals of the hydrological cycle. Research methods in the diagnosis and modeling of the hydrological cycle.
Margarida da Conceição Rasteiro Magano Lopez Rodrigues Liberato	UTAD	Necesidades de investigación de tipoloxías turísticas relacionadas coa auga.
Florinda Figueiredo Martins	P.Porto	Environmental Impact Assessment
Mario Gabriel Santiago Santos	UTAD	Spatio-temporal models in ecology: basic concepts and applications

A incorporación destes profesores xustifícase polas aportacións singulares que fan dentro de cada actividade formativa e son propostos polos/as profesores/as coordinadores/as das súas respectivas actividades formativas. A permanencia de profesorado do PD_ASF está vinculado a que manteñan os requirimentos de experiencia investigadora determinados no regulamento de doutoramento da UVIGO.

4.2.- O PDI é suficiente e ten a dedicación necesaria para desenvolver as súas funcións de forma idónea, considerando o número de estudantes en cada liña de investigación e a natureza e características do programa de doutoramento.

Aspectos a valorar:

- O PDI é suficiente para desenvolver as funcións e atender todos os estudantes.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Mecanismos de reparto entre docentes e liñas de investigación para realizar as direccións de teses: Coordinador/a do PD "Tutor/a" Dirección de tese":

A proporción entre número de estudantes (Ref.: IPD4) e número de profesores totales (124, EPD19) ten unha tendencia ascendente de 0,19 (curso 2017/18 20 estudantes) a 0,27 (curso 2021/22 33 estudantes). Estes datos indican que a capacidade docente é suficiente para que profesorado poda desenvolver as súas funcións de xeito adecuado.

Tendo en conta que a admisión máxima de estudantes é de 25 por curso, o número de estudantes acumulados na duración prevista da tese en 3 anos sería de 75, co cal, non se acadaría nese caso a relación estudante/director de 1. Este número estaría suxeito a relación entre baixas de estudantes que se producen e prórrogas de estudo concedidas.

A asignación da dirección tese a o director baséase principalmente no mutuo acordo entre o potencial director e estudante. No non existindo na memoria do PD un sistema automático de asignación de directores e liñas de investigación. A maior parte dos/as estudantes teñen establecido contactos con potenciais directores/as previamente a súa matriculación.

Considérase que o criterio máis importante para acadar o compromiso documental é a afinidade de temáticas de investigación entre o estudante e o director. Consecuentemente, os estudantes sen contacto previo se lles recomenda que fagan un resumo do seu proxecto para tratar de identificar a liña de investigación que mellor se axusta á súa proposta, e coa colaboración dos membros da CAPD trátase de identificar á/ao investigador/a máis axeitado na temática. Recoméndase á/ao estudante que identifique investigadores/as en activo que participen en proxectos en curso relacionados co tema proposto, e que non teñan un exceso de doutorandos baixo a súa dirección.

Resultados de satisfacción en relación coa dirección e tutorización das teses:

A valoración sobre os/as titores/as, os/as directores/as de tese e o profesorado en xeral do programa que fan os alumnos/as de 1º curso é de 4,33 os/as de 3º curso é de 4,00, o cal supera o obxectivo de calidade de 3,5 sobre 5. A media global de tódalas enquisas valora as tutorías con 4,27, e a dirección con 4,52, sen baixar dos 4 puntos en ningunha delas, tal como figura no indicador EPD18.

A Comisión académica do programa de doutoramento (CAPD) e a comisión permanente da EIDO consideran que a valoración do grao de cumprimento para este criterio é SATISFACTORIO.

4.3.- O programa de doutoramento conta con mecanismos de recoñecemento da labor de titorización e dirección de teses.

Aspectos a valorar:

- Os mecanismos de recoñecemento do labor de titorización e dirección de teses que a institución ten posto en marcha a través da correspondente normativa.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A admisión dun/ha estudante de doutoramento implica a asignación dun Titor designado pola Comisión Académica do Programa. O Titor terá como funcións velar pola interacción do estudante coa Comisión Académica e co Director da tese, asegurar que a formación e investigación do estudante estea en liña co Programa e orientar ao estudante nas actividades docentes e de investigación.

O traballo de titorización está recoñecido como parte da dedicación docente e investigadora dos profesores.

A Universidade de Vigo ten establecido unha Normativa para a dedicación e recoñecemento da docencia por parte dos profesores que establece que a dirección de teses doutorais nos 3 cursos anteriores é recoñecida con 10 horas por tese completa, e no caso de teses dirixidas como PDI da Universidade de Vigo e non defendidas na Universidade de Vigo, o recoñecemento divídese entre dous.

A titorización de estudantes doutorais non ten recoñecidas horas de dedicación, sen embargo, a atención a estudantes con discapacidade é recoñecida con 32 horas por estudante titorizado/a.

4.4.- O grao de internacionalización do programa: a participación de expertos internacionais nas comisións de seguimento e tribunais de teses é axeitada segundo o ámbito científico do programa.

Aspectos a valorar:

- O grao de internacionalización do programa analizarase a partir de datos como o grao de participación de expertos internacionais nas comisións de seguimento e nos tribunais de teses. Valorarase o número de colaboracións e a estabilidade no tempo das ditas colaboracións.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O número de expertos internacionais que participan en tribunais de tese de 2017 a 2022 (Ref.: IPD17) amosa unha experta muller en 2019/2020, seis expertos (tres homes e tres mulleres) en 2020/2021 e catro expertos (un home e tres mulleres) en 2021/2022. Segundo estes datos, a participación de expertos internacionais vai en aumento co número de teses defendidas, De un en 2019/2020, a seis en 2020/2021 e catro en 2021/2022. Ademais, hai unha representación relativamente equilibrada de expertos homes e mulleres nos anos máis recentes.

A porcentaxe media de teses defendidas con mención internacional entre 2019 e 2022 é do 56,7% (IPD18.7), a isto convén sumar catro teses que teñen director ou codirector estranxeiros, o cal sumaría ata o 100% as teses que se desenvolveron ca participación directa de PDI estranxeiro.

Pola outra banda, dous das actividades formativas son desenvolvidas por profesorado estranxeiro. Unha profesora estranxeira co-imparte as actividades formativas.

4.5.- O persoal de apoio que participa no desenvolvemento do programa é suficiente e adecuado en función das características deste e do número de estudantes matriculados.

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender o persoal docente e os estudantes do programa.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Trala modificación de asignación de postos de traballo do persoal de apoio da UVigo, configurouse a Área Académica centralizada de Estudos de Mestrado e Doutoramento, con sede física na Facultade de Dereito no Campus de Ourense Campus Auga. A área está constituída por tres persoas: Xefa de Área, Xefa de Negociado, e un Posto Base, que desenvolven as tarefas administrativas de outros cinco programas de doutoramento ademais de outros títulos de mestrado.

Aparte desta consideración, se transmitiron á CAPD percepcións de acumulación de volume de traballo de xestión documental en momentos críticos do proceso administrativo, principalmente a xestión das matrículas, en cinco programas de doutoramento simultaneamente.

Outra cuestión importante é a da comunicación con estudantes estranxeiros/as de fala non hispana ou galega. Os trámites e a comunicación con servizos de posgrao fanse unicamente nestes dous idiomas. De todos os formularios necesarios para a tramitación das diferentes etapas do desenvolvemento dos estudos, sóamente tres documentos: aceptación para dirixir unha tese, ou para formar parte do tribunal dunha tese (formulario TC-32, valoración da concesión de mención "cum laude" (TC-31) e informe de valoración da tese posterior á lectura (TC-41) están dispoñibles nos tres idiomas (galego, castelán, inglés).

A xestión de expedientes na Secretaria Virtual é unicamente en Galego, incluído o plan de investigación, as actividades formativas e outros trámites que teñen que levar a cabo todos os/as estudantes do programa. Isto pode supoñer un obstáculo para o estudantado estranxeiro que non fala castelán nin galego.

Resultados de satisfacción en relación co persoal de apoio (administración e servizos):

Nas enquisas específicas dos estudantes sobre a satisfacción co PAS. Soamente dispónse resultados desagregados dos cursos 2017/18, 2020/21, e 2021/22:

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/28/84>

No ano académico 2017/18 foi moi positiva para os/as estudantes 1º curso cunha puntuación 4.24 que diminuíu ata 2.50 no ano 2022/21, pero incrementouse ata 2.67 no 2021/22. Para os/as estudantes de 3º dispónse dos datos do 2020/21 3.67 que supera o obxectivo de calidade, máis no 2021/22 aumentou satisfactoriamente ate o 4.33, por riba de do obxectivo do 3.7.

Con respecto á satisfacción do PDI, os datos dispoñibles sobre os procedementos administrativos sómente refírese a relacionado coa dirección das teses. As valoracións foron mellorando tralos sucesivos cursos ata superar o obxectivo de calidade previsto: 2017/18 3.00; 2019/20 3.57; 2021/22 3.69.

A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente mediante un programa de apoio administrativo á xestión dos programas de Doutoramento que baséase nunha dobre estrutura:

1. O Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao (SXEP) proporciona apoio administrativo á Eido, coordina a xestión administrativa das Áreas Académicas de Posgrao (AAP), da apoio á tramitación das teses de doutoramento e realiza as funcións atribuídas á administración dun centro en canto ao Sistema de Garantía de Calidade.

2. As AAP proporcionan apoio administrativo aos programas de doutoramento asignados (así como aos mestrados desa mesma área). Na actualidade hai 6 destas unidades específicas de posgrao, máis outras dúas que aínda manteñen a xestión dual (grao+posgrao). Estas unidades son tamén as responsables das tarefas de información e xestión do expediente do estudantado, en primeira instancia. Tamén proporcionan apoio administrativo á coordinación dos programas. No caso de que xurdan solicitudes ou situacións extraordinarias son trasladadas ao SXEP para a súa resolución.

O SXEP convoca, con carácter ordinario, dúas veces cada curso ás AAP: unha previa á convocatoria de matrícula, como preparación desta e outra despois de realizada a matrícula, para revisión e coordinación das respostas ás incidencias detectadas. Con carácter extraordinario convócanse tantas reunións como resulten necesarias, tanto xerais como cunha ou varias AAP afectadas por unha determinada situación.

Nestas reunións recóllense tamén as necesidades de formación, tanto detectadas polo SXEP (cambios normativos, novas habilidades, idiomas, etc.) como polas propias AAP (habilidades ofimáticas, normativa, uso de novas aplicacións informáticas, etc.).

Destas necesidades de formación se desenvolven directamente polo SXEP aquelas relativas a novas utilidades informáticas, e se trasladan á Xerencia aquelas que requiren a organización de cursos máis formais. Esta decide sobre todas as actividades propostas polos distintos Servizos, asesorada por unha comisión de formación, paritaria coa representación sindical.

A maiores, a EGAP (Escola Galega de Administración Pública) realiza convocatorias anuais de cursos para PAS das universidades galegas enmarcados nos seguintes grandes bloques:

- Réxime xurídico e actividade contable das administracións públicas
- Comunicación, organización do traballo e mellora das habilidades
- Administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa
- Lingua galega
- Portal de idiomas
- Plan ofimático de Galicia

Estas actividades de formación se organizan tanto na modalidade de teleformación, telepresenza, autoformación e docencia presencial.

A análise do criterio baséase en:

Evidencias:

EPD19: Táboa 1: PDI do programa de doctorado.

EPD20: Táboa 2: Grupos de investigación

EPD21: Táboa 3: Proxectos de investigación competitivos activos de cada grupo

Indicadores:

IPD14: Número de teses defendidas en réxime de codirección

IPD15: Porcentaxe de PDI con sexenios vivos ou outros indicadores da calidade da investigación equivalentes

IPD16: Porcentaxe de profesorado estranxeiro que dirixe tese sobre o profesorado total do programa

IPD17: Número de expertos internacionais que participan en comisións de seguimento e/ou nos tribunais de teses

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS: Os recursos materiais e os servizos postos a disposición para o desenvolvemento das actividades previstas son os axeitados, en función das características do programa de doutoramento, o ámbito científico e o número de doutorandos.

5.1.- Os recursos materiais dispoñibles son suficientes e axeitados en relación co número de doutorandos de cada liña de investigación e coa natureza e características do programa.

Aspectos a valorar:

- Os recursos materiais e outros medios dispoñibles (laboratorios, talleres, bibliotecas, acceso a fontes documentais, recursos informáticos, etc.) son adecuados en función do número de estudantes do programa.
- Cumprimento da previsión establecida na memoria verificada sobre a obtención de recursos externos e bolsas de viaxe que faciliten a asistencia a congresos e estadias no estranxeiro ou outras universidades.
- No seu caso, a universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do programa.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Resultados de satisfacción en relación coas infraestruturas e recursos materiais:

No EPD22 detállanse os recursos materiais e servizos directamente relacionados co programa e que están a disposición dos/as estudantes e PDI do programa, que se resume a continuación:

Por unha banda contase cos espazos e infraestruturas propios da sede do Edificio Campus da Auga, e das facultades e escolas do Campus de Ourense. Tamén dispoñen do equipamento científico-técnico específico dos grupos de investigación onde desenvolven os/as estudantes a súa actividade investigadora. O programa conta cunha asignación económica anual asignada pola EIDO en función do número de estudantes de novo ingreso.

A valoración que o alumnado fai a través das enquisas de satisfacción (IPD19) en relación cos recursos dispoñibles (materiais e espazos) é favorable, con valores medios próximos ao 4 (mesmo por encima nalgúns dos colectivos). Esta opinión é compartida entre o PDI que á súa vez valora a dispoñibilidade e adecuación dos espazos e o equipamento dispoñible por encima do 3,5.

Na memoria de verificación propuxo fomentar a mobilidade o acceso ás axudas propias da UVigo para realizar asistencias a congresos. O programa dedica unha parte importante do orzamento asignado pola EIDO para axudas de mobilidade dos estudantes. Estas axudas son xestionadas pola "Sección de bolsas" do Servizo de alumnado da UVIGO. As axudas están destinadas á realización de estancias de investigación, asistencia a cursos ou escolas de verán, asistencia a congresos para a presentación de comunicacións.

A CAPD realizou a valoración das solicitudes de acordo cos criterios:

- Méritos curriculares ata 55 puntos

- Interese da actividade para o programa formativo do estudante ata 20 puntos
- Calidade centro do destino e o nivel da actividade (internacional, nacional, autonómica) ata 25 puntos.

Curso	Concepto	orçamento €	Porcentaxe do orzamento do PD_ASD
2018/19	Bolsas para mobilidade	4700	66%
2019/20	Bolsas para mobilidade	2200	53%

O orzamento previsto para bolsas na Memoria foi do 66%, pero a demanda foi menor ca esperada, co cal a CAPD decidiu reducir o importe dedicado a bolsas no curso 2019/20.

Ata o curso 2019/20 a distribución do orzamento de bolsas de cada PD estaba coordinado polo CAPD. Nos cursos seguintes 2020/21 e 2021/22, o orzamento bolsas de doutoramento está completamente xestionado de xeito centralizado pola Sección de bolsas da UVigo.

Por efecto das medidas contra a COVID-19 impediron que no curso 2020/21 se executara o orzamento par axudas de viaxe.

O PDI valorou na enquisa 2017/18 con 4.00 o apoio económico aos doutorandos e 3,50 o apoio de axudas á mobilidade. Na enquisa do 2019/20 a valoración do apoio económico descendeu a 3,09, e a valoración das axudas á mobilidade mantívose con un 3,50. Finalmente no 2021/22 o apoio económico valorouse con 3.00, e o apoio á mobilidade aumentou ate o 3.55. Estas variacións sono pouco significativas en concordancia cos poucos cambios do orzamento.

Detectouse unha que un poucos estudantes son moi activos na solicitude de axudas a mobilidade, namentres que outros non consideran esta posibilidade. Tamén detectouse que a recepción da axuda prodúcese despois de facer o gasto, co cal o/a estudante o ten desembolsar da súa propia conta.

Resultados de satisfacción en relación coas infraestruturas e recursos materiais:

Os resultados das enquisas de satisfacción do estudiantado no 2017/18 (1º ano) indican unha valoración de 4,2 dos medios materiais e espazos de traballo, e 3.8 polo sistema de bolsas. Na enquisa 2019/20 a valoración descendeu por baixo do 3 en recursos materiais, e ascendeu en 4,6 en recursos humanos. O descenso non é doado de explicar tendo en conta que os recursos materiais incrementáronse substancialmente dende o curso 2017/18 ate o 2020/21. No curso 2020/21 aumentou ao 4.25 e o 4.67 do 2021/22 para os estudantes de 1º ano. No sector de estudantes de 3º ano as puntuacións foron lixeiramente menores: 3.83 (2020/21) e 4.17 (2021/22), máis superan amplamente o limiar de calidade en tódolos casos.

As enquisas de satisfacción do PDI respecto á valoración do recursos materiais e servidos e de 3,25 no 2017/18. Esta valoración aumentou na enquisa co 2019/20 a 3,70 ata ao 3.81 nos cursos 2020/21 e 2021/22.

Compre observar esta tendencia é a inversa que a estimada polos/as estudantes.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A Comisión académica do programa de doutoramento (CAPD_ASD) e a comisión permanente da EIDO consideran que a valoración do grado de cumprimento para este criterio é SATISFACTORIO.

5.2.- Os servizos de orientación académica responden ás necesidades do proceso de formación dos estudantes como investigadores.

Aspectos a valorar:

- Os servizos de orientación académica e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,..) postos a súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oríéntano no funcionamento da institución.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Servizos de atención e orientación de carácter institucional:

A Universidade de Vigo, con carácter xeral, a través da EIDO (eido.uvigo.gal), do Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao (<https://www.uvigo.gal/universidade/administracion-persoal/organizacion-administrativa/servizo-xestion-estudios-posgrao>) e a Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria (<https://www.uvigo.gal/es/perfil-estudiantes>), da Oficina de Relaciones internacionais ORI (<https://www.uvigo.gal/es/universidad/administracion-personal/organizacion-administrativa/oficina-relaciones-internacionales>) e a Unidade de Emprego e Emprendemento (<https://www.uvigo.gal/universidade/administracion-persoal/organizacion-administrativa/unidade-emplego-emprendemento>) conta con diversos sistemas de apoio e orientación dos estudantes unha vez matriculados, como:

- Wifi, correo e teledocencia
- Aloxamento e transporte
- Tarxeta universitaria
- Biblioteca
- Becas e axudas
- Mobilidade (ORI)
- Centro de Linguas
- Área de Normalización Lingüística
- Emprego e emprendemento
- Unidade de Igualdade
- Cultura
- Benestar, Saúde e Deporte
- Delegacións e asociacións de estudantes
- Voluntariado
- Atención á diversidade
- Gabinete Psico-Pedagógico
- Información xeral

A UVigo realiza xornadas de benvinda incluíndo unha completa axenda con información variada (ver https://tv.uvigo.es/video/5d795e7e1e19c060253b4399?track_id=5d7b83d11e19c06794694cb2).

A Escola Internacional de Doutoramento da Universidade de Vigo fixo no curso 2018/19 a primeira xornada presencial de acollida de estudantes de doutoramento, dispoñible na dirección <https://tv.uvigo.es/series/5ca1f0e68f4208961ec06285>.

Por cuestións ligadas á pandemia Covid-19, a segunda xornada adiouse e celebrouse o 12 de abril de 2023: <https://tv.uvigo.es/series/6438154db5099d706f5f8283>

Resultados de satisfacción en relación cos servizos de atención e orientación:

Os estudantes de primeiro ano valoraron a información xeral do programa en 3,85 en 2018/19 e a información pública en 3,91. Nas enquisas de 2020/21, a valoración da información xeral descendeu a 3,50 e a 3,00 en 2021/22. A información e a información pública dispoñible nas páxinas web sobre o programa de doutoramento valórase en 2,75 (2018/19), 3,67 (2020/21) e 3,00 en 2021/22.

No entanto, entre os estudantes de terceiro ano, a percepción da información xeral do curso aumenta a 3,33 (2020/21) e a 4,00 (2021/22). E sobre a información pública dispoñible nas páxinas web, aumenta a 3,67 (2020/21) e a 4,33 (2021/22).

Unha conclusión que se pode extraer é que os estudantes de primeiro ano teñen unha valoración máis baixa da información xeral e pública do programa de doutoramento que os estudantes de terceiro ano. Isto pode deberse ao feito de que o deseño da páxina WEB está máis orientado cara aos estudantes con máis experiencia.

A análise do criterio baséase en:

Evidencias:

EPD22: Xustificación da suficiencia e a adecuación dos recursos materiais e servizos directamente relacionados co programa

Indicadores:

IPD13: Porcentaxe de estudantes segundo liña de investigación

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 6. RESULTADOS DO PROGRAMA FORMATIVO: Os resultados de aprendizaxe correspóndense co nivel 4 do MECES. Os resultados dos indicadores do programa do doutoramento son adecuados ás súas características e ao contexto socio-económico e investigador.

6.1.- Os estudantes, ao finalizar o proceso formativo, adquiriron as competencias previstas para o programa

Aspectos a valorar:

- As teses de doutoramento, as actividades formativas e a súa avaliación son coherentes co perfil de formación e co nivel 4 do MECES.
- As contribucións científicas derivadas da tese de doutoramento, tanto as previas á súa defensa como as realizadas posteriormente, poñen de manifesto a adquisición das competencias do programa.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A realización das actividades formativas está evidenciada nas Refs.: EDP4 e EDP5. A oferta oficial de actividades formativas e a xestión de inscrición, participación e avaliación das actividades do PD_ASD está integrado no sistema de secretaría virtual da UVIGO dende o curso 2018/2019 ata actualidade. O procedemento de control de actividades e avaliación realizouse mediante un sistema de firmas, no cal o/a profesor/a realiza un control da asistencia, e emite avaliación do aproveitamento da actividade formativa polo/a estudante. O resultado dos informes se transcriben ao sistema de rexistro e actas de actividades da secretaría virtual.

A oferta de actividades formativas realizouse segundo o criterio de mellorar a calidade da oferta formativa dentro das nas liñas estratéxicas do PD_ASF e áreas temáticas do plan estratéxico do Campus Auga. A oferta de actividades formativas do último curso avaliado, 2021/22, amósase na táboa que figura a continuación:

CÓDIGO	ACTIVIDADE	PRAZAS OFERTADAS	HORAS IMPARTIDAS
ACTDOC.00305	Auga e Enerxía	30	30
ACTDOC.00269	Avaliación do estado eco-hidrolóxico dos ríos mediante modelos de simulación do hábitat	25	3
ACTDOC.00256			
OBRIGATORIA	Curso sobre metodoloxía de investigación, información científica e xestión dos recursos hídricos	30	30
ACTDOC.00307	Environmental Impact Assessment	30	9
ACTDOC.00252	Fundamentals of the hydrological cycle	30	15
ACTDOC.00272	Indicadores de eficiencia no uso da auga: perspectiva política e socioeconómica	25	5
ACTDOC.00270	Introdución ao manexo de "R" e "R Commander"	25	10
ACTDOC.00306	Modelado de riscos de inundación por ríos e choivas torrenciais	30	30
ACTDOC.00255	Modelos matemáticos epidemiolóxicos de enfermidades arredor da auga	10	9
ACTDOC.00254	Necesidades de investigación en tipoloxías turísticas relacionadas coa auga	30	10
ACTDOC.00335	Obradoiro sobre revistas indexadas e congresos internacionais	20	30
ACTDOC.00268	Reconstrución Histórica Hidroclimática	25	15
ACTDOC.00253	Research methods in the diagnosis and modeling of the hydrological cycle	30	15
ACTDOC.00308	Spatio-temporal models in ecology: basic concepts and applications	25	7

Todos os mecanismos habilitados na memoria do PD_ASF, garanten que a calidade das tese de doutoramento cumpren co nivel 4 de doutoramento establecido no MECES.

Están documentadas 8 estadías das cales 5 son no estranxeiro e 2 en España (Ref.: EPD9). A porcentaxe de estudantes que realiza estadías é aínda baixo, máis vai en aumento nos tres últimos cursos académicos.

Con respecto ao financiamento persoal dos estudantes, na enquisa dispoñible que o 71% tivo algún tipo de financiamento nos seus estudos. O 29% foron contratos a cargo de proxectos de investigación, 29% Axudas o contratos predoutorais financiados por un programa local ou provincial, e o 14% Axudas o contratos predoutorais financiados por un programa autonómico.

Resultados de calidade das teses:

As evidencias das publicacións científicas relacionadas cos traballos de teses dos/as estudantes do PD_ASF (EPD24), mostran que todos/as eles/las superan amplamente os requisitos mínimos anteriormente mencionados.

A Comisión académica do programa de doutoramento (CAPD) e a comisión permanente da EIDO consideran que a valoración do grado de cumprimento para este criterio é SATISFACTORIO.

6.2.- Os resultados dos indicadores académicos do programa de doutoramento e a súa evolución son axeitados e coherentes coas previsións establecidas na memoria verificada

Aspectos a valorar:

- Valoración da estimación dos resultados previstos na memoria para o programa de doutoramento, analizando as diferentes taxas, as teses defendidas e as contribucións científicas derivadas das teses.
- Os resultados dos indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do programa.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Defendéronse 8 Teses de doutoramento no período que se está a avaliar (EDP23, IDP18.1). Sete de elas, 90%, recibiron a mención "Cum-Laude" (IDP18.6) e dous 33,3 % recibiron mención internacional (IDP18.7), aínda que os catro doutorandos e tribunais máis podería cumprir doadamente os requirimentos para solicitala pero non realizaron os trámites administrativos para acadala por consideralos un atranco para levar a cabo os trámites de solicitude da defensa da tese. O 66% das teses foron defendidas por estudantes estranxeiros. Na memoria non se establecen porcentaxes para estes indicadores, sen embargo, comparativamente cos resultados doutros PD, poden considerarse moi positivos.

Todas as teses defendidas foron a tempo completo, obviamente, porque no período avaliado non houbo tempo de desenvolver os estudos a tempo parcial (IDP18.2).

Unha única prórroga foi aproveitada polo 50% dos estudantes, a outra metade non requiriu ningunha (IDP18.5).

Os resultados de difusión dos resultados da investigación feita polos estudantes e alta: publicáronse 21 artigos e libros en revistas indexadas JCR con una taxa de 3.5 traballos por estudante. A taxa de comunicacións en congresos internacionais é de 5.1 por estudante (EDP24).

A taxa global de abandono é do 25%, 16 baixas en total. O Coordinador da CAPD consultou persoalmente sobre as causas de abandono, que maioritariamente a causa é se matricularon por circunstancias conxunturais, tres dos caos foron por seguimento a un familiar ou amizade que se matriculou, catro que tomaron unha decisión non meditada en profundidade e non tiñan unha idea formada do significado e implicacións de desenvolver unha tese de doutoramento.

Os casos de non abandono correspóndense con situacións nas que director/a e doutorando/a xa establecen contacto durante a colaboración no traballo de fin de mestrado, e xa teñen artellado o plan de investigación previamente á matrícula de acordo cunha liña ou proxecto de investigación en desenvolvemento.

Maila que a taxa de abandono é considerable estas cifras non dependen tanto do PD como das circunstancias persoais de cada estudante, polo cal, a Comisión académica do programa de doutoramento (CAPD) e a comisión permanente da EIDO consideran que os resultados obtidos ata a data son SATISFACTORIOS.

6.3.- Os indicadores son adecuados ao perfil dos estudantes, de acordo co ámbito científico do programa

Aspectos a valorar:

- Analizar, á vista dos resultados obtidos polo programa no período avaliado, tendo en conta o perfil dos estudantes, as características do programa e o ámbito científico.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O perfil de ingreso dos estudantes é moi diverso, cubrindo a maior parte de tódolos ámbitos de coñecemento, de acordo co carácter multidisciplinar e transversal e do PD ASD.

O número de estudantes estranxeiros ten unha tendencia positiva dende o 35% dos matriculados no curso (2017/2018), ate o 54.6% no (2021/22) (IDP6).

O número de teses defendidas vai acadando cifras axeitadas co desenvolvemento do PD (8 teses ata o curso 2021/22 (IDP18.1), aínda que na memoria non se establece un obxectivo cuantitativo de teses defendidas por curso académico.

A vocación internacional do PD_ASD é acorde co feito de que o 75% das teses foron defendidas por estudantes estranxeiros.

As actividades desenvolvidas polos/as estudantes son axeitadas, e cobren todos os obxectivos formativos establecidos na memoria do PD_ASD (EPD5).

A Comisión académica do programa de doutoramento (CAPD) e a comisión permanente da EIDO consideran que a valoración do grado de cumprimento para este criterio é SATISFACTORIO.

6.4.- A satisfacción do estudantado, do PDI, dos egresados e doutros grupos de interese é axeitada.

Aspectos a valorar:

- Análise dos indicadores de satisfacción de estudantes, PDI, egresados e outros grupos de interese.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do programa.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Resultados xerais de satisfacción para cada un dos grupos de interese:

O Sistema de Garantía da Calidade (SGC) da EIDO conta con procesos que garanten a recollida de opinión e a avaliación da satisfacción dos diferentes grupos de interese:

- Medición da satisfacción
- Xestión das queixas, suxestións e parabéns
-

Medición da satisfacción

Podemos considerar que as actividades de medición de satisfacción comezaron, no ciclo de doutoramento, no ano 2016 coa posta en marcha da primeira enquisa a estudantes, na que se valorou o curso 2015/16.

Despois, a organización das actividades de medición da satisfacción tomou a forma de programa no que, de xeito cíclico, se programan e desenvolven as accións relacionadas con esta temática. A Comisión de Calidade da Eido analiza e aproba estas actividades.

-Primeiro ciclo: 2017/18 a 2018/19

- o Consolidación da enquisa anual de estudantes de 1º e 3º ano (cursos 2016/17 e 2017/18)
- o 2018: Realización da primeira enquisa ao PDI (directores e titores de teses), tomando toda a poboación histórica desde 2013.
- o As análises de resultados e toma de accións de mellora realizáronse na Comisión de Calidade da Eido en xullo de 2020.

-Segundo ciclo (actual): 2019/20 a 2021/22

- o 2020: realización da enquisa anual a estudantes de 1º e 3º ano (de forma extraordinaria cursos 2018/19 –retrasada pola pandemia- e 2019/20)
- o 2020: segunda enquisa ao PDI (directores e titores de teses), cos datos do período 2018/19 e 2019/20
- o Aprobación de novos cuestionarios (PAS) e fichas metodolóxicas. Realización: novembro 2021
- o Egresados: previsión de realización da 1ª medición en 2022, a través do Consello Social
- o Os detalles desta programación poden atoparse na documentación da Comisión de Calidade da Eido en xullo de 2020.

- Terceiro ciclo: 2022/23 a 2025/26: en análise (será tratado nunha reunión da Comisión de Calidade no 2ºT 2023)

Síntese xeral dos resultados obtidos:

Estudantes:

Resultados de participación agregados (Universidade de Vigo) e do programa

Curso 2015/2016		Curso 2016/2017		Curso 2017/2018		Curso 2018/2019		Curso 2019/2020	
1º ano	3º ano	1º ano	3º ano	1º ano	3º ano	1º ano	3º ano	1º ano	3º ano
52,76 %	44,13%	50,61%	47,32%	50,42%	42,57%	45,61%	45,38%	51,19%	50,37%
						-(*)	-(*)	-(*)	-(*)

Curso 2020/2021		Curso 2021/2022							
1º ano	3º ano	1º ano	3º ano						
48,56 %	49,75%	52,55%	47,39%						
44.44%	33.33%	38%	43%						

Os resultados de participación institucionais (fila superior) son moi elevados, con valores por riba do 50% para os estudantes de 1º ano e arredor do 45% para os de 3º ano, cunha certa tendencia á mellora. As actividades de promoción e de información institucionais respecto da participación considéranse efectivas. Estes son os resultados verdadeiramente significativos para a análise da participación, posto que os desagregados por programa non posen ser considerados desde o mesmo punto de vista ao tratarse de poboacións moi pequenas. Aínda así, a gran maioría dos programas presentan valores de participación significativos (entre o 20-70%).

Os datos de participación do programa (fila inferior. Os resultados son máis baixos que a media da UVigo: do 44% de estudantes do 1º ano e 33% de estudantes do terceiro ano no curso 2020/21, con un moderado aumento no curso 2021/22 ata o 38% e 43% para os estudantes do 1º e 3º ano respectivamente. Nunha consulta do coordinador revelou que un motivo pode ser a alta proporción de estudantes estranxeiros neste PD que non se senten involucrados no procesos de calidade da UVigo.

Resultados de satisfacción agregados (Universidade de Vigo) e do programa

Curso 2015/2016		Curso 2016/2017		Curso 2017/2018		Curso 2018/2019		Curso 2019/2020	
1º ano	3º ano	1º ano	3º ano	1º ano	3º ano	1º ano	3º ano	1º ano	3º ano
3,83	3,49	3,33	3,49	4,04	3,76	3,95	3,85	4,15	4,01
						-(*)	-(*)	-(*)	-(*)

Curso 2020/2021		Curso 2021/2022							
1º ano	3º ano	1º ano	3º ano						
4,19	3,97	4,15	3,97						

3.52	3.61	3.78	4.26						
------	------	------	------	--	--	--	--	--	--

Escala de valores de 1 (máis negativo) a 5 (máis positivo)

Os resultados de satisfacción institucionais (fila superior) son positivos, con valores da escala que tenden (e mesmo superan no último ano) o nivel satisfactorio (4/5), tanto en 1º ano como en 3º. Tamén, unha gran maioría dos programas dispoñen de valores superiores ao punto medio da escala (3/5), e moitos deles superior a 4/5. Do mesmo xeito que no caso da participación, os resultados desagregados por programa deben tratarse con cautela, ao tratarse de poboacións moi pequenas. Nestes casos convén prestar máis atención ás tendencias cá os valores puntuais.

Os resultados de satisfacción do programa (fila inferior) sómente están dispoñibles os desagregados do curso 2020/2021 y 2021/22. As puntuacións son máis baixas que a media da UVigo e a percepción mellora nos estudantes máis experimentados estando no limiar do obxectivo de calidade. Os principais factores que inflúen á baixa no primeiro curso os seguintes indicadores: 3) recursos humanos 2.25 (2021/22) , 6) valoración xeral do programa de doutoramento 2.75 (2021/22), as valoracións máis altas correspóndense a e 5) oferta formativa 5.00 (2021/22) e recursos materiais 4.67 (2021/22) procedementos administrativos. En conxunto os indicadores superan amplamente o obxectivo de calidade de 3.7. En xeral non se atopa una relación consistente entre os resultados dos indicadores en diferentes anos. Por exemplo, a oferta formativa é a mesma nos cursos 2020/21 e 2021/2022, habendo recibido diferente valoración.

Os estudantes de 3º curso valoraron os indicadores dun xeito diferente aos de 1º ano: 4) recursos materiais mellora a 3.83 no 2020/21 ata 4.17 no 2021/22, 1) información e orientación xeral do programa mellorou insuficientemente de 3.33 a 4.00, e 2) procedementos administrativos mantense 3.67 e 3.58. 5) oferta formativa de 3.56 a 4.25, 3) recursos humanos de 3.93 a 4.25 e 6) valoración xeral do programa de 3.33 a 4.83.

-(*) : Como se comentou, en outubro de 2020 realizáronse ao mesmo tempo, de forma extraordinaria, as enquisas anuais a estudantes de 1º e 3º ano de 2019/20 e tamén do curso 2018/19, retrasada pola pandemia.

Un problema técnico na configuración da aplicación de enquisas (LimeSurvey) provocou que, aínda que o proceso de recollida de opinión se desenvolveu correctamente e se dispoñan dos datos agregados, sexa imposible dispor dos resultados de participación e de satisfacción desagregados por programa, así como tampouco por sexo. Trátase dunha cuestión puntual que, de xeito excepcional, afectou a dous cursos. En 2021, resolta a incidencia, dispónse de novo de resultados desagregados.

Profesorado (directores e titores de teses):

Resultados de participación agregados (Universidade de Vigo) e do programa

2018 (cursos 2012/13 a 2017/18)	2020 (cursos 2018/19 a 2019/20)	2022 (cursos 2020/21 a 2021/2022)
52,73%	52,59%	41,86%
-	40,91%	27,66%

Resultados de participación institucionais (fila superior): a primeira enquisa do 2018 obtivo resultados moi elevados, de case un 53%. Esta participación tan significativa repetiuse no 2020, de novo case un 53% polo que, de novo, as actividades de promoción e de información institucionais respecto da participación considéranse efectivas. En 2022 produciuse unha ruptura da tendencia, que entendemos que non debería ter continuidade.

Resultados de participación por programa (fila inferior): en 2018 non estaban dispoñibles os resultados desagregados, pois a poboación histórica de profesorado non estaba asociada a cada programa. En 2020 a participación foi do 40,9% e diminuíu ata o 27,7% no 2022. Esta baixada da participación débese a unha insuficiente labor por parte do coordinador da CAPD de motivar e concienciar ao PDI sobre a importancia dos procedementos de calidade no doutoramento. Esta tarefa é mais crítica nun PD que non xurde do PDI nunha facultade ou escola que ten desenvolvidos procedementos que facilitan este obxectivo, e que, ademais, facilita unha interacción cos estudantes e os profesores máis achegada. Pola contra, o PD_ASD xurde institucionalmente asociado a un Campus de Especialización que cuxa percepción pode considerarse difusa para unha significativa fracción do PDI e do estudantado, e as interaccións entre profesores, estudantes e CAPD é moito máis feble.

Resultados de satisfacción agregados (Universidade de Vigo) e do programa

2018 (cursos 2012/13 a 2017/18)	2020 (cursos 2018/19 a 2019/20)	2022 (cursos 2020/21 a 2021/2022)
3,65	3,88	4,08
3,86	3,67	3,88

Escala de valores de 1 (máis negativo) a 5 (máis positivo)

Os resultados de satisfacción institucionais (fila superior) son positivos, con valores da escala que marcan unha tendencia cara o nivel satisfactorio (4/5). Aínda que en 2018 non se dispuña de datos desagregados, en 2020 constátase que unha gran maioría dos programas dispoñen de valores superiores ao punto medio da escala (3/5), con tendencia ao valor 4/5. Esta tendencia reafirmase no ano 2022.

Os resultados de satisfacción do programa (fila inferior): amosan un nivel aceptable que mantense dun xeito constante preto do 3.8, pero que precisan mellorarse para acercalos á media da UVigo.

Persoal de Administración e Servizos (PAS de apoio a doutoramento)

Resultados de participación agregados (Universidade de Vigo) e do programa

2021
38,10%
40,00%

Resultados de participación institucionais (fila superior): a participación global está preto do 40%. Este resultado considérase aceptable por ser a primeira experiencia na realización dun grupo focal para o PAS de doutoramento, aínda que, coas eventuais accións de comunicación e sensibilización, pode ser mellorable.

Resultados de participación por programa (fila inferior) a participación do 40% é lixeiramente superior á da UVigo, pero a diferenza non pode considerarse significativa.

Resultados de satisfacción agregados (Universidade de Vigo) e do programa

2021
3,33
3,12

Os resultados de satisfacción institucionais (fila superior) son positivos, cun valor por riba da media da escala, é dicir, satisfactorios. Hai que ter en conta que o obxectivo xeral do grupo focal está orientado máis á xeración de ideas (cualitativo) que a un valor (cuantitativo). O valor transmite unha dimensión da satisfacción relativa, posto que se trata de grupos focais cun tamaño pouco significativo estatisticamente.

Os resultados de satisfacción do programa (fila inferior): e menor que o agregado da UVigo aínda que maiores que a media da escala. A interpretación dos resultados é a conclusións son as mesmas que as expostas para os resultados agregados.

Titulados

Véxase comentarios na epígrafe 6.5

Sistema de QSP

De xeito adicional e complementario ás actividades programadas de medición da satisfacción, o sistema de QSP implantouse no ciclo de doutoramento xa en 2015.

O sistema está operativo e está consolidado, e representa tanto unha canle de entrada de información para a satisfacción como unha fonte de melloras. As principais fontes de entradas de QSP son a Eido e o Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao.

Aínda que os tempos de resposta medios (8 días) están dentro do previsto no Regulamento de QSP, á súa mellora oriéntase a mellorar esta prestación.

6.5.- A inserción laboral dos egresados é coherente co contexto socioeconómico e investigador do programa.**Aspectos a valorar:**

- Análise da inserción laboral dos doutores/as tendo en conta os datos e estimacións que se inclúan na memoria verificada.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do programa.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do programa.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

En liñas xerais, existen tres fontes de datos con orixe diferente e complementarias para analizar a inserción laboral:

- Os estudos de inserción laboral competencia da ACSUG, que aínda non están activados.
- As análises de situación canto a satisfacción e empregabilidade da Universidade de Vigo: a Eido, xunto coa Área de Calidade, coordina a recollida desta información a través do Observatorio de Egresados do Consello Social. Froito desta colaboración é a presentación, en 2022, do primeiro [estudo de inserción laboral das persoas tituladas en doutoramento](#) que abrangue o período histórico 1995/2020.

En 2023 está previsto elaborar o segundo. Este novo análise, que en adiante terá unha frecuencia anual, incluírá, ademais dos datos de inserción laboral, a avaliación da satisfacción dos titulados, neste caso do curso 2020/21.

- Os datos dispoñíbles por cada CAPD (Ref.: IDP20) proceden dunha enquisa específica para o informe de seguimento entre os egresados e doutorandos/as do último ano. Nos resultados da derradeira enquisa declaran que todos/as teñen actividade laboral remunerada, o 73% con contrato indefinido, o 18.7% contratos están relacionados ca educación, 25% co ámbito do dereito, 37.5% contratos en investigación, e 12.5% no sector de servizos. As entidades contratantes son 40% contratos laborais no sector público, 7% funcionario/a, 7% mediana gran empresa, 20% pequena empresa, 13% traballador/a por conta propia, e o 7% traballa nunha organización sen ánimo de lucro. Con respecto a pregunta sobre a afinidade dos estudos de doutoramento co desenvolvemento da súa actividade profesional, o 67% declara que a afinidade é moi alta, o 27% moderadamente alta, e o ningún/a con pouca ou algunha relación.

En todo caso, na seguintes ligazóns da UVigo pode atoparse certa información canto a inserción laboral, aínda que pouco representativa para os PD do RD 99/2011:

- Portal de transparencia: <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/6>
- Observatorio de egresados do Consello Social da Universidade de Vigo: <http://observatorio.egresados.webs.uvigo.es/>

- Seguimento dos egresados e resultados de inserción laboral: a partires dos datos dispoñíbles pola CAPD (Ref.: IDP20) o resultado é que todos/as os/as participantes teñen emprego remunerado, sendo a maioría con contrato indefinido nos sectores de educación, o dereito, e a investigación. A maioría dos/as participantes declaran unha alta afinidade entre os seus estudos de doutoramento e a súa actividade profesional. Se pode concluír características do programa son axeitadas para a inserción laboral dos egresados.

A análise do criterio baséase en:

Evidencias:

EPD23: Táboa 4: Teses doutorais dirixidas no programa no período avaliado

EDP24: Táboa 5: Contribucións científicas relevantes desde a implantación do programa

Indicadores:

IPD18: Evolución dos indicadores de resultados do programa desde a implantación do título:

- Número de teses defendidas
- Porcentaxe de teses realizadas a tempo completo, a tempo parcial e con dedicación mixta
- Número de teses presentadas en galego, castelán ou outro idioma
- Duración media dos estudos a tempo completo/tempo parcial
- Taxa de éxito:
 - Porcentaxe de doutorandos que defenden a súa tese sen pedir prórroga
 - Porcentaxe de doutorandos que defenden a súa tese tras pedir a primeira prórroga
 - Porcentaxe de doutorandos que defenden a súa tese tras pedir a segunda prórroga
- Porcentaxe de teses con cualificación de cum laude
- Porcentaxe de teses con mención internacional

IPD19: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese (porcentaxe de participación, resultados e a súa evolución...)

IPD20: Datos relativos á empregabilidade dos doutorandos:

- Porcentaxe de egresados que están traballando
- Porcentaxe de egresados que están traballando en función do nivel de doutor
- Porcentaxe de doutorandos que conseguen axudas para contratos posdoutorais

3. MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDOS

MODIFICACIÓN	XUSTIFICACIÓN
Regulamento de estudos de doutoramento da Universidade de Vigo. (versión aprobada polo Comité de dirección do 17/12/2021 e o Consello de Goberno do 01/02/2022)	Actualización do regulamento de Estudos de Doutoramento da Universidade de Vigo para adaptarse e por en coherencia coa aprobación do sistema de garantía de calidade en doutoramento, cos estándares europeos de investigación do programa HR Excellence in Research e con diversos aspectos que se poñen ao día; e actualización da normativa sobre presentación on-line da tese.
....	

4. PLAN DE MELLORAS**(Ver Anexo IV)****ANEXO IV. PLAN DE MELLORAS
(modelo de acción de mellora)**

Accións institucionais (xestionadas na Eido)

CRITERIO 2.3	
Denominación da proposta	Desenvolver a estrutura de calidade da web da Eido
Punto débil detectado/Análise das causas	A web da Eido non dispón dunha estrutura onde se poida realizar un fácil acceso á información relevante do SGC
Ámbito de aplicación	SGC Eido
Responsable da súa aplicación	Dirección da Eido
Obxectivos específicos	
Actuacións a desenvolver	- Diseñar a estrutura de calidade da web - Implantar a estrutura de calidade - Cargar a información relevante dispoñible do SGC
Período de execución	3º trimestre de 2018
Recursos/financiamento	Colaboración da Área TIC
Responsable do seguimento e data	Comisión de Calidade da Eido
Indicadores de execución	-
Evidencias documentais e/ou rexistros que se presentan/presentarán para evidencias a súa implantación	Información dispoñible na web sobre o SGC
Observacións	
Revisión/Valoración	
Nivel de cumprimento (total ou parcial)	Completo. A Universidade de Vigo puxo en marcha a nova Web institucional. No apartado da Eido xa aparecen case todos os contidos definitivos.
Responsable da revisión e data	Coordinador de Calidade da Eido Xuño de 2019 Marzo de 2020
Resultados obtidos	Rematouse o deseño da páxina Web da Universidade de Vigo Está bastante desenvolvida a páxina Web da Eido https://www.uvigo.gal/estudar/organizacion-academica/eido-escola-internacional-doutoramento E dentro desta páxina, o apartado de calidade: https://www.uvigo.gal/estudar/organizacion-academica/eido-escola-internacional-doutoramento/calidade
Grao de satisfacción	Mediano. O procedemento finalizou o 1º trimestre de 2020, varios meses mais tarde do inicialmente previsto.
Accións correctoras a desenvolver	-

CRITERIO 3	
Denominación da proposta	Desenvolver os procedementos do SGC da Eido
Punto débil detectado/Análise das causas	O SGC da Eido está en fase de deseño e desenvolvemento, polo que cómpre elaborar a documentación (procedementos) seguindo o mapa de procesos establecido no Manual de Calidade.
Ámbito de aplicación	SGC Eido
Responsable da súa aplicación	Dirección da Eido
Obxectivos específicos	
Actuacións a desenvolver	- Elaborar as propostas de procedementos - Validar as propostas na Comisión de Calidade - Aprobar as propostas no Comité de Dirección
Período de execución	4º trimestre de 2018
Recursos/financiamento	Grupo de traballo (persoal da Área de Calidade, Eido, Servizo de Posgrao e as persoas que, en función dos contidos de cada procedemento, se poidan incorporar)
Responsable do seguimento e data	Comisión de Calidade da Eido Xuño 2018
Indicadores de execución	-
Evidencias documentais e/ou rexistros que se presentan/presentarán para evidencias a súa implantación	Actas da Comisión de Calidade e do Comité de Dirección nas que reflectan a validación e aprobación dos procedementos de calidade.
Observacións	
Revisión/Valoración	
Nivel de cumprimento (total ou parcial)	Total (rematado) O SGC foi validado na Comisión de Calidade da Eido o 14.12.2018 e aprobado no Comité de Dirección o 17.12.2018. Enviado á ACSUG o 20.12.2018.
Responsable da revisión e data	Coordinador de Calidade da Eido Xuño de 2019 Febreiro de 2020
Resultados obtidos	Rematouse o deseño do 100% dos procesos de SGC. Desenvolveuse toda a estrutura documental (manual, procedementos e anexos) nos prazos programados. O proceso participativo deu lugar a propostas de mellora que se foron incorporando aos procedementos. Informe de certificación do deseño de ACSUG de 30.07.2019. Resultado: FAVORABLE. A documentación do SGC está dispoñible na ligazón: https://www.uvigo.gal/estudar/organizacion-academica/eido-escola-internacional-doutoramento/calidade
Grao de satisfacción	Alto

Accións correctoras a desenvolver	--
--	----

CRITERIOS 3 e 6	
Denominación da proposta	DESEÑO DA MEDICIÓN DA SATISFACCIÓN DOS GRUPOS DE INTERESE DA EIDO
Punto débil detectado/Análise das causas	Dispor de mecanismos de recollida de opinión dos grupos de interese máis relevantes dos programas de doutoramento da Eido. A situación actual é a seguinte: 1 Estudantado: o curso 2015/16 xa se puxo en marcha a avaliación de satisfacción. A metodoloxía elixida foi a enquisa: unha para o estudantado de 1º ano e outra para o de 3º ano. Posto que ten unha frecuencia anual, realizarase de novo este curso. Este curso 2016/17 realizouse por segunda vez esta avaliación. 2 Outros grupos de interese relevantes (profesorado –direccións de teses, titores/as-, persoal de administración e titulados): non se dispón, polo de agora, de mecanismos para recoller sistematicamente a súa opinión. A comisión de calidade da Eido debe deseñar un programa de medición da satisfacción adaptado.
Ámbito de aplicación	Todos os PD adscritos á EIDO
Responsable da súa aplicación	Comisión de Calidade da EIDO
Obxectivos específicos	Dispor de resultados de satisfacción dos grupos de interese que permitan mellorar os programas de doutoramento
Actuacións a desenvolver	Deseñar e aprobar un programa de medición da satisfacción adaptado aos grupos de interese máis relevantes da Eido (previsto para a vindeira comisión de calidade) Implantar o programa
Período de execución	Curso 2017-18 e 2018/19
Recursos/financiamento	-
Responsable do seguimento e data	Coordinador de calidade da EIDO Xuño 2018 Marzo 2020
Indicadores de execución	-
Evidencias documentais e/ou rexistros que se presentan/presentarán para evidencias a súa implantación	Deseño do programa de medición da satisfacción Informes de resultados de avaliación da satisfacción
Observacións	
Revisión/Valoración	

Nivel de cumprimento (total ou parcial)	Parcial (en curso) Seguindo o Deseño da avaliación da satisfacción dos grupos de interese dos PD da Eido aprobada na Comisión de Calidade da Eido en febreiro de 2018, realizáronse: -enquisa a estudantes: 2015/16, 2016/17, 2017/18, 2018/19, 2019/20 e 2020/21. -enquisa a profesorado (directores e titores de teses): 2018 (período 2012/13 a 2017/2018) e 2020 (período 2018/19 e 2019/20) -grupo de traballo co PAS: realizada en novembro de 2021. Están pendentes: -enquisa a egresados: prevista para 2021, adiouse ao 2ºT 2022 A Comisión de Calidade da Eido, na súa reunión de xullo de 2020, realizou un seguimento e análise dos resultados obtidos no período 2017/18 e 2018/19 e aprobou a programación para o novo período 2019/20 a 2021/22.
Responsable da revisión e data	Coordinador de Calidade da Eido Xuño de 2019 Febreiro 2021 Febreiro 2022
Resultados obtidos	Leváronse a cabo os procesos de avaliación segundo o previsto (estudantado e profesorado), empregando a plataforma de enquisas LimeSurvey https://secretaria.uvigo.gal/enquisas/index.php/admin/authentication/sa/login Os cuestionarios, aprobados pola Comisión de Calidade da Eido, están dispoñibles en tres idiomas (galego, castelán, inglés). Existen resultados e indicadores de satisfacción para o estudantado e profesorado. Os datos están publicados no Portal de Transparencia da UVigo, na ligazón https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/28 Realizáronse as análises oportunas na Comisión de Calidade da Eido e nas CAPD.
Grao de satisfacción	Alto Os resultados son, en xeral, positivos e dan pistas para mellorar os procesos e os programas. En particular, os resultados de participación xerais, en todas as enquisas, están entre o 40% - 55% e os de satisfacción maioritariamente por riba do valor 3,5/5.
Accións correctoras a desenvolver	-- (As accións para mellora o programa de medición de satisfacción tomaranse na Comisión de Calidade da Eido)

Accións resultado do informe(s) de verificación de ACSUG (se procede)

Informe Final da Solicitud de Verificación do Título Oficial Exp. 9313/2016 corresponde a o emitido np 10/03/2017

As recomendacións con respecto ao criterio 1 da descrición do programa de doutoramento:

Na memoria indícase o colaborará con dúas universidades de Portugal. Hai un convenio de colaboración con estas universidades e información sobre investigacións que se incluírán no programa. Con todo, durante o período de alegacións, este acordo non foi incluído na memoria de verificación. Polo tanto, esta colaboración será obxecto de revisión especial durante o seguimento do título. En particular, a adecuación da pertenza de profesores destas dúas universidades á Comisión Académica do programa debería estar explicitamente indicada neste convenio de colaboración.

As medidas correctoras que se levaron a cabo son

- 1) Asinar o acordos de colaboración con estas universidades e
- 2) tomáronse medidas para garantir a adecuación dos profesores destas dúas institucións de acordo co Artigo 5 do Regulamento de estudos de doutoramento da Universidade de Vigo.

As recomendacións con respecto ao criterio 6: recursos humanos:

O informe indica que, segundo a normativa vixente nas tres universidades do SUG, os profesores ou investigadores do programa de doutoramento poden ser excepcionalmente asignados a dous programas de doutoramento en casos xustificados de desenvolvemento ou participación en dúas liñas de investigación diferenciadas. Debe asegurarse o cumprimento desta regulación. A universidade responsable do programa debe garantir o cumprimento das súas regulacións neste sentido.

Dada a amplitude interdisciplinar deste programa de doutoramento, parece natural pensar que a súa posta en marcha podería interferir con outro programa de doutoramento da Escola Doutoral. Este aspecto, en canto á participación de investigadores en varios programas de doutoramento da mesma universidade, require dunha especial vixilancia por parte da súa Comisión Académica.

A Comisión Académica está a facer esforzos para garantir o cumprimento deste regulamento. Se ben os profesores participantes manteñen argumentos que xustifican a pertenza a dous programas debido á natureza das súas liñas de investigación.

Con respecto ao criterio 8: revisión, mellora e resultados do programa.

Estase a desenvolver satisfactoriamente os sistema de garantía de calidade.

Accións incorporadas en informe(s) de seguimento anterior(es)

CRITERIO 1.3	
Denominación da proposta	Modificación de prazos para a Defensa do Plan de Investigación
Punto débil detectado/Análise das causas	Na actual memoria do PD_ASD, a redacción da Actividade Elaboración y exposición del Plan de Investigación sección 4.1.1., na Planificación temporal da defensa do plan de Investigación se indica: "Esta actividad se realizará una vez al año durante los 3 años de doctorado en el caso de matrícula a tiempo completo. La Comisión Académica podrá autorizar un plan específico en este tipo de actividad para estudios a tiempo parcial. En este caso esta actividad se desarrollará durante el primer, tercer y quinto año, desde la admisión al programa hasta la presentación de la tesis doctoral." Esta redacción indica explícitamente que a actividade de defensa ten que realizarse unha vez cada un dos tres anos a tempo completo. O cal implica que pode vulnerar o dereito á lectura e defensa da tese de doutoramento nun período de 18 meses dende a data de matriculación, de acordo co establecido na normativa de permanencia no doutoramento da UVigo. Pola outra banda, a actividade de defensa a tempo parcial obriga a facela ao primeiro, terceiro e quinto ano, o cal condiciona a que o estudante matriculado a tempo parcial non podería defender a súa tese antes do quinto ano.
Ámbito de aplicación	Programa de Doutoramento en Auga , Sustentabilidade e Desenvolvemento.
Responsable da súa aplicación	O coordinador da CAPD
Obxectivos específicos	1) Que os estudantes podan defender a súa tese nun período de dezaioito meses de acordo ca normativa de permanencia da UVigo, 2) Os estudantes a tempo parcial podan defender a súa tese en anos consecutivos.
Actuacións a desenvolver	Modificación da memoria da titulación cunha nova redacción para que sirva a os efectos dos obxectivos específicos expostos, e modificación, se procedese, da aplicación na Secretaría Virtual da UVigo para poder solicitar a realización de tres defensas do plan de investigación nun período de dezaioito meses do inicio dos estudos. E modificación da restrición de defensa no quinto ano aos/as estudantes matriculados a tempo parcial.
Período de execución	A partir da modificación da memoria da titulación.
Recursos/financiamento	Non precisa
Responsable do seguimento e data	A CAPD, no curso académico posterior á modificación da memoria académica.
Indicadores de execución	Revisión da memoria modificada pola CAPD.
Evidencias documentais e/ou rexistros que se presentan/presentarán para evidencias a súa implantación	A memoria co texto modificado. Actas de defensa do plan de investigación posteriores á implantación da mellora.
Observacións	

Non precisa	
Revisión/Valoración	
Nivel de cumprimento (total ou parcial)	Total
Responsable da revisión e data	O Coordinador da CAPD
Resultados obtidos	Mellora do procedemento de avaliación do plan de investigación
Grao de satisfacción	Enquisa de satisfacción dos estudantes e PDI
Accións correctoras a desenvolver	

Na accións de melloras propostas no anterior informe de verificación se indicaba que na memoria do PD_AS, a redacción da Actividade Elaboración y exposición del Plan de Investigación sección 4.1.1., na Planificación temporal da defensa do plan de Investigación se indica: "Esta actividad se realizará una vez al año durante los 3 años de doctorado en el caso de matrícula a tiempo completo. La Comisión Académica podrá autorizar un plan específico en este tipo de actividad para estudios a tiempo parcial. En este caso esta actividad se desarrollará durante el primer, tercer y quinto año, desde la admisión al programa hasta la presentación de la tesis doctoral."

Esta redacción indica explicitamente que a actividade de defensa ten que realizarse unha vez cada un dos tres anos a tempo completo. O cal implica que pode vulnerar o dereito á lectura e defensa da tese de doutoramento nun período de 18 meses dende a data de matriculación, de acordo co establecido na normativa de permanencia no doutoramento da UVigo.

Pola outra banda, a actividade de defensa a tempo parcial obriga a facela ao primeiro, terceiro e quinto ano, o cal condiciona a que o estudante matriculado a tempo parcial non podería defender a súa tese antes do quinto ano.

Programa de Doutoramento en Auga, Sustentabilidade e Desenvolvemento.
O coordinador da CAPD propuxeron as melloras seguintes dúas melloras:

- 1) Que os estudantes podan defender a súa tese nun período de dezoito meses de acordo ca normativa de permanencia da UVigo.
- 2) Os estudantes a tempo parcial podan defender a súa tese en anos consecutivos.

Estas melloras se implementarán mediante a modificación da memoria da titulación cunha nova redacción para que sirva a os efectos dos obxectivos específicos expostos, e modificación, se procedese, da aplicación na Secretaría Virtual da UVigo para poder solicitar a realización de tres defensas do plan de investigación nun período de dezoito meses do inicio dos estudos. E modificación da restrición de defensa no quinto ano aos/as estudantes matriculados a tempo parcial.

Accións resultado do informe de avaliación do(s) seguimento(s) de ACSUG (se procede)

CRITERIO 1															
Denominación da proposta	Gestion del título														
Punto detectado/Análise das causas	No informe provisional de seguimento, nas recomendacións ao Criterio 1. Organización y desarrollo, emítese a recomendación 1.2: “<i>Se observan líneas con un bajo porcentaje de alumnado, por lo que habría que replantearse su reformulación o agrupamiento con alguna de las líneas existentes.</i>” As liñas existentes se reproducen na Táboa 7 do Informe de Verificación. A CAPD realizou unha análise da demanda e identificou que as liñas L03 e L06 teñen escasa demanda de matrícula. Propuxo varios agrupamentos de liñas para mellorar a situación.														
Ámbito de aplicación	Programa de Doutoramento en Auga, Sustentabilidade e Desenvolvemento.														
Responsable da súa aplicación	O coordinador da CAPD														
Obxectivos específicos	1) Que os estudantes podan defender a súa tese nun período de dezaioito meses de acordo ca normativa de permanencia da UVigo, 2) Os estudantes a tempo parcial podan defender a súa tese en anos consecutivos.														
Actuacións a desenvolver	Modificación da memoria da titulación cunha nova redacción para que sirva a os efectos dos obxectivos específicos expostos, e modificación, se procedese, a realizar un agrupamento de liñas: O primeiro agrupamento é unir a liña L03 con L02 para constituír a nova liña L02 “Calidade da auga: aproveitamentos, ecosistemas e termalismo”. O segundo agrupamento é unir L06 con L10 para constituír a nova liña L05 “Producción primaria sostible e alimentación”. Finalmente, propúxose agrupar L01 con L07 para formar a liña L01 “Réxime xurídico da auga, medio ambiente e a súa sustentabilidade” e agrupar as liñas L11 con L04 para constituír a liña L03 “Turismo, patrimonio cultural, auga e saúde”. <i>Modificación proposta resultante da agrupación de liñas.</i> <table border="1"> <tr> <td>*L01</td><td>Réxime xurídico da auga, ambiente e a súa sustentabilidade</td></tr> <tr> <td>*L02</td><td>Calidade da auga: aproveitamentos, termalismo e ecosistemas</td></tr> <tr> <td>*L03</td><td>Turismo, patrimonio cultural, auga e saúde</td></tr> <tr> <td>L04</td><td>Producción primaria sostible, alimentación e desenvolvemento</td></tr> <tr> <td>L05</td><td>Xestión sostible</td></tr> <tr> <td>L06</td><td>Cambio climático e recursos hídricos</td></tr> <tr> <td>L07</td><td>Dereito, TIC ou desenvolvemento</td></tr> </table> * indica as novas liñas resultado do agrupamento	*L01	Réxime xurídico da auga, ambiente e a súa sustentabilidade	*L02	Calidade da auga: aproveitamentos, termalismo e ecosistemas	*L03	Turismo, patrimonio cultural, auga e saúde	L04	Producción primaria sostible, alimentación e desenvolvemento	L05	Xestión sostible	L06	Cambio climático e recursos hídricos	L07	Dereito, TIC ou desenvolvemento
*L01	Réxime xurídico da auga, ambiente e a súa sustentabilidade														
*L02	Calidade da auga: aproveitamentos, termalismo e ecosistemas														
*L03	Turismo, patrimonio cultural, auga e saúde														
L04	Producción primaria sostible, alimentación e desenvolvemento														
L05	Xestión sostible														
L06	Cambio climático e recursos hídricos														
L07	Dereito, TIC ou desenvolvemento														
Período de execución	A partir da modificación da memoria da titulación (2024/25).														
Recursos/financiamento	Non precisa														
Responsable do seguimento e data	A CAPD, no curso académico posterior á modificación da memoria académica.														
Indicadores de execución	Revisión da memoria modificada pola CAPD.														

Evidencias documentais e/ou rexistros que se presentan/presentarán para evidencias a súa implantación	A memoria co texto modificado.
Observacións	
Non precisa	
Revisión/Valoración	
Nivel de cumprimento (total ou parcial)	
Responsable da revisión e data	
Resultados obtidos	
Grao de satisfacción	
Accións correctoras a desenvolver	

No informe provisional de seguimento, nas recomendacións ao Criterio 1. Organización y desarrollo, emítese a recomendación 1.2: "Se observan líneas con un bajo porcentaje de alumnado, por lo que habría que replantearse su reformulación o agrupamiento con alguna de las líneas existentes." As liñas existentes se reproducen na Tabla 7.

Tabla 4. Resumo das liñas de investigación do programa de doutoramento PD_ASD.

L01	Réxime xurídico da auga
L02	Calidade da auga e os seus ecosistemas
L03	Investigación e aplicacións de augas e augas termais
L04	Turismo, patrimonio cultural e auga
L05	Réxime xurídico do ambiente e a súa sustentabilidade
L06	Producción primaria sostible
L07	Xestión sostible
L08	Cambio climático e recursos hídricos
L09	Dereito, TIC ou desenvolvemento
L10	Alimentación e desenvolvemento
L11	Desenvolvemento turístico asociado ao patrimonio e a saúde

A CAPD realizou unha análise da demanda e identificou que as liñas L03 Investigación e aplicacións de augas e augas termais e L06 Producción primaria sostible teñen escasa demanda de matrícula.

O primeiro agrupamento proposto consiste en unir a liña L03 Investigación e aplicacións de augas e augas termais e L02 Calidade da auga e os seus ecosistemas para constituír a nova liña L02 "Calidade da auga: aproveitamentos, ecosistemas e termalismo."

Nesta agrupación reúnen os obxectivos comúns de investigación que estudan as propiedades físico-químicas e biolóxicas das augas relevantes para a súa calidade e novas aplicacións fundamentadas nestas. Esta reunión é consistente coa experiencia de que a investigación sobre estes potenciais aproveitamentos da auga non se pode separar da identificación dos seus potenciais efectos sobre os ecosistemas, e tamén porque os métodos de estudo das propiedades e aplicacións das augas termais son os en xeral idénticos.

O segundo agrupamento proposto é unir L06 Producción primaria sostible coa liña L10 Alimentación e desenvolvemento, para constituír a nova liña L05 "Producción primaria sostible e alimentación"

Esta agrupación de liñas ten un precedente no grupo de investigación ,EQ2-Biomasa e desenvolvemento sostible cuxos obxectivos de investigación comprenden estas dúas liñas simultaneamente.

Finalmente identificouse que as liñas L01 e L11 nin teñen cobertura nos grupos de investigación aos que están adscritos os profesores do programa de doutoramento, de forma que, agrupase L01 con L07 para formar a liña L01 Réxime xurídico da auga, medio ambiente e a súa sustentabilidade, e se agrupan as liñas L11 con L04 para constituír a liña L03 Turismo, patrimonio cultural, auga e saúde.

Como resultado destas modificacións, as liñas quedan estruturadas como figura na Tabla 5

Tabla 5. Modificación proposta 2023 resultante da agrupación de liñas.

*L01	Réxime xurídico da auga, ambiente e a súa sustentabilidade
*L02	Calidade da auga: aproveitamentos, termalismo e ecosistemas
*L03	Turismo, patrimonio cultural, auga e saúde
L04	Producción primaria sostible, alimentación e desenvolvemento
L05	Xestión sostible
L06	Cambio climático e recursos hídricos
L07	Dereito, TIC ou desenvolvemento

* indica as novas liñas resultado do agrupamento

Descrición das liñas e xustificación das mesmas:

L01: Réxime xurídico da auga, medio ambiente e a súa sustentabilidade centrase no estudo do marco legal que rexe a xestión da auga e o medio ambiente, así como na análise das políticas e regulamentos para garantir a súa sustentabilidade.

L02: Calidade da auga: aproveitamentos, termalismo e ecosistemas centrase no estudo da calidade da auga en relación co seu uso para diferentes aproveitamentos, como o termalismo, e ao mesmo tempo é preservar as tódalas súas funcións nos ecosistemas. O desenvolvemento de novos aproveitamentos debe ir sempre acompañado de investigacións sobre a súa imbricación e impacto dos mesmos na calidade da auga e no ciclo hidrolóxico, así como as técnicas ou accións para protexer a auga e os ecosistemas asociados.

L03: A liña de turismo, patrimonio cultural, auga e saúde ocupase do estudo das relacións entre estes eidos para investigar novas as oportunidades e desafíos que presenta o turismo relacionado coa auga, a conservación e valorización do patrimonio cultural, así como o como aproveitar as potencialidades do termalismo para a mellora do benestar e saúde.

L04: Producción primaria sostible, alimentación e desenvolvemento investiga as alternativas para desenvolver prácticas agrícolas sostibles para a produción de alimentos de calidade, alimentos funcionais e o aproveitamento de subprodutos da industria agroalimentaria. Tamén se analizan as relacións entre a alimentación, a saúde e o desenvolvemento económico.

L05: Xestión sostible centrase investiga as estratexias e ferramentas para unha xestión sostible dos recursos naturais. Analízanse as políticas e regulamentos para promover un uso eficiente e responsable dos recursos hídricos.

L06: Cambio climático e recursos hídricos investiga os efectos do cambio climático sobre as precipitacións e o ciclo hidrolóxico a escala global, así como os seus efectos a nivel local sobre os recursos hídricos. As achegas permitirán planificar as estratexias e medidas axeitadas para adaptarse aos efectos deste cambio e mitigar os seus impactos.

L07: Dereito, TIC ou desenvolvemento, debe satisfacer a necesidade de investigacións para resolver novas incertezas e problemas que resultan das innovacións das anteriores liñas. A necesidade de manexo da información e a dimensión do dereito derivada do desenvolvemento en diferentes eidos implica a participación de tecnoloxías da información e comunicación (TIC) e investigación no ámbito xurídico. Estas modificacións que se propoñen non alteran o nivel 4 do MECES e permitiron a súa actualización de acordo cos requisitos da disciplina

Relación da estruturación de liñas con respecto a agregación estratéxica singular do potencial de excelencia do Campus Auga nas súas actividades educativas e investigación: Alimentación, Medio Ambiente e Xestión da Auga.

Estas liñas desenvólvense coa colaboración multidisciplinar de todas as Escolas e Facultades que aportan o coñecemento e as capacidades do Campus. A finalidade desta sinerxia é aumentar o número de doutores altamente cualificados, a calidade das publicacións científicas e a actividade especializada de posgrao.

- Na area de xestión da auga, os grupos de investigación teñen capacidade de xeración de coñecemento especializado na xestión dos recursos hídricos dende un enfoque multidisciplinar que ten en conta a diversidade de perspectivas dos diferentes elementos vinculados coa auga. Isto promove a xestión coordinada e equitativa da auga, terra e recursos relacionados para maximizar o benestar social e económico. Esta xestión integral inclúe aspectos legais, empresariais, turísticos e patrimoniais sen comprometer a sustentabilidade dos ecosistemas para o futuro. Isto corresponde ás liñas de investigación L01 Réxime xurídico da auga, medio ambiente e a súa sustentabilidade; L02 Calidade da auga: aproveitamentos, termalismo e ecosistemas; L03 Turismo, patrimonio cultural, auga e saúde; L05 Xestión sostible; e L07 Dereito, TIC ou desenvolvemento.
- En canto a área de medio ambiente, o campus ten capacidade investigadora e coñecemento especializado na protección e conservación do medio ambiente, o seu impacto na calidade e distribución dos recursos, especialmente os recursos hídricos. Isto está orientado cara o desenvolvemento de novos ou mellorados sistemas de xestión ambiental e a aplicación de prácticas agrícolas que aseguren a sustentabilidade da produción agrícola. Isto contribúe a manter os ecosistemas, fortalecendo a súa capacidade de adaptación aos efectos do cambio climático. Isto corresponde ás liñas de investigación L01 Réxime xurídico da auga, medio ambiente e a súa sustentabilidade; L02 Calidade da auga: aproveitamentos, termalismo e ecosistemas; L06: Cambio climático e recursos hídricos.

- A área de Turismo-Patrimonio investiga as relacións da xestión empresarial e a planificación do turismo, así como o estudo do patrimonio natural e cultural e o seu aproveitamento turístico. O obxectivo destas actividades é a produción de novos coñecementos e o desenvolvemento de produtos e servizos novos ou mellorados. As liñas envoltas nesta área son a L01 Réxime xurídico da auga, medio ambiente e a súa sustentabilidade, L02 Calidade da auga: aproveitamentos, termalismo e ecosistemas, L03 Turismo, patrimonio cultural, auga e saúde, L05 Xestión sostible; e L07 Dereito, TIC ou desenvolvemento.
- Na area de alimentación, hai unha excelente capacidade na xeración de coñecemento para a produción de novos produtos alimentarios de alto valor engadido, funcionais, seguros e de calidade diferenciada. Isto promove o aproveitamento sustentable de auga, contribúe a mellorar a competitividade e impulsar a innovación no sector agroalimentario e facilita o acceso a unha dieta saudable adecuada para cada idade e condición fisiolóxica. Isto corresponde ás liñas de investigación L04 Producción primaria sostible, alimentación e desenvolvemento, L02 Calidade da auga: aproveitamentos, termalismo e ecosistemas, e L07 Dereito, TIC ou desenvolvemento.

O programa non resulta alterado pola nova organización das liñas e continúa a ofrecer unha formación avanzada e de calidade que condúcese no eido da Estratexia de Especialización Intelixente da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal (RIS3T), xa que se trata dun programa de doutoramento que ten en conta a súa localización, no marco da Eurorrexión e a necesaria colaboración entre os seus socios. O apoio institucional continuo das Administracións Local, Provincial e Autonómica ao Campus da Auga, un contexto socioeconómico no que a investigación é o pilar do coñecemento e da competitividade e o seu contexto temático: importancia do sector industrial agroalimentario en Galicia, o importancia crecente do “dereito á auga”, a calidade dos alimentos, o envellecemento da poboación, o aumento da esperanza de vida, o potencial termal de Ourense como elemento diferenciador ou a existencia de lugares de alto valor patrimonial e turístico.

Con respecto á inserción na estratexia, nacional e europea de I+D+i compre destacar que no procedemento de acreditación dos campus de especialización do SUG no que o Campus Auga está en período de avaliación, os bloques temáticos se focalizan en 3 liñas de especialización: Alimentación, Medio ambiente e Xestión da Auga. Estas liñas de especialización se inxiren na Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable fronte aos retos sociais, económicos e ambientais da globalización. A Axenda promove 17 obxectivos de desenvolvemento sustentable (ODS). Dos cales, as liñas de investigación do PD_ASD focalízanse nos seguintes obxectivos.

As liñas de investigación propostas na Tabla 5 teñen correspondencias evidentes con varios dos ODS das Nacións Unidas. Por exemplo:

- L01: Réxime xurídico da auga, medio ambiente e a súa sustentabilidade corresponde ao ODS 6 (Auga limpa e saneamento), ODS 13 (Acción polo clima) e ODS 15 (Vida de ecosistemas terrestres).
- L02: Calidade da auga: aproveitamentos, termalismo e ecosistemas corresponde ao ODS 3 (Saúde e benestar) e ODS 6 (Auga limpa e saneamento).
- L03: Turismo, patrimonio cultural, auga e saúde corresponde ao ODS 3 (Saúde e benestar), ODS 8 (Traballo decente e crecemento económico) e ODS 11 (Cidades e comunidades sostibles).
- L04: Producción primaria sostible, alimentación e desenvolvemento corresponde ao ODS 2 (Fame cero), ODS 3 (Saúde e benestar) e ODS 12 (Consumo e produción responsables).
- L05: Xestión sostible corresponde ao ODS 8 (Traballo decente e crecemento económico), ODS 9 (Industria, innovación e infraestrutura) e ODS 12 (Consumo e produción responsables).
- L06: Cambio climático e recursos hídricos corresponde ao ODS 13 (Acción polo clima) e ODS 15 (Vida de ecosistemas terrestres).

- L07: Dereito, TIC ou desenvolvemento corresponde ao ODS 9 (Industria, innovación e infraestrutura), ODS 16 (Paz, xustiza e institucións sólidas) e ODS 17 (Alianzas entre diferentes actores sociais para lograr os obxectivos).

Accións adicionais resultado das análises deste informe de renovación da acreditación (se procede)